


MEMORIA DE ACTIVIDADES

CEIDA 2001-2011



MEMORIA DE ACTIVIDADES CEIDA 2001-2011



Edita: CEIDA
Castelo de Santa Cruz
Liáns - Oleiros. A Coruña
Telf.: (+34) 981 630 618
Fax: (+34) 981 614 443
Correo-e: ceida@ceida.org
Web: www.ceida.org

Redacción e coordinación editorial: CEIDA

Coordinación técnica: CEM, s.coop. galega

Fotografías: CEIDA; banco imaxes de CEM, s.coop. galega; Luis Manuel Iglesias

Ilustracións: Suso Cubeiro

Deseño gráfico: mazairagrafismo, sl

Impresión: Rodi Artes Gráficas

Depósito legal: OU 224-2011



Prólogo	7
Contexto xeográfico e histórico do CEIDA	9
CEIDA: unha traxectoria de 10 anos traballando pola Educación Ambiental ...	17
Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga	37
Traxectoria e balance 2001-2011	39
Publicacións do CEIDA 2001-2011	54
Programa de Actividades de Educación ambiental	61
Programas de educación ambiental	63
Congresos de Educación Ambiental dos centros de ensino	68
Outras actividades ambientais	70
Exposicións propias itinerantes	73
Sala de exposicións	77
Equipamentos de educación ambiental	84
Formación e capacitación en medio ambiente	87
Educación Ambiental	93
Medio mariño	97
Turismo	103
Cambio climático	105
Municipal	108
Conservación	112
Auga	115
Asesoramento en proxectos de Investigación, desenvolvemento e innovación na área do medio ambiente	117
Ourense Verde	119
Proxecto do Parque Forestal de Liáns	121
Proxecto SEREA	121
Equipamentos ambientais de Galicia	122
Formación de alumnos en prácticas	122
O CEIDA no mundo: creando redes de cooperación internacional.....	123
Convenios e entidades colaboradoras co CEIDA	131



Castelo de Santa Cruz, sede do CEIDA, cos seus edificios anexos e xardíns dentro do recinto amurallado. Pódense distinguir tamén o antigo corpo de guarda, o paseo perimetral e o acceso desde o litoral a través da ponte peonil.



A educación ambiental nace como un instrumento para capacitar aos individuos e ás sociedades para facer fronte á crise ambiental que caracteriza á nosa época. Hoxe, máis que nunca, é evidente que os problemas ambientais afectan á calidade de vida das persoas e ás expectativas de benestar colectivo. De aquí emana a importancia da educación ambiental para axudar a construír un futuro ambientalmente viable e socialmente xusto, porque os problemas ambientais requiren non so de solucións técnicas, senón tamén daquelas que se ofrecen a través dos instrumentos sociais, como o debate, a participación e o consenso.

Todos os encontros internacionais que teñen xerado o marco conceptual da educación ambiental resaltan a importancia de contar con centros rexionais capaces de dinamizar, coordinar ou fortalecer as actividades de educación ambiental que teñen lugar no seu ámbito de influencia. Estes son os obxectivos que explican o nacemento do CEIDA. O paso do tempo permitiu definir máis claramente os obxectivos específicos deste tipo de centros. Por unha parte, subministrar información e documentación ambiental, poñéndoa a disposición tanto dos educadores e especialistas como do público en xeral. Por outra parte deseñar e executar programas específicos de educación ambiental, avaliar os existentes e divulgar os exemplos de boas prácticas. En terceiro lugar, e de maneira moi destacada, contribuír á formación ambiental da sociedade, cun énfase moi especial no traballo con formadores, con mediadores e con decisores, de maneira que o traballo realizado teña un efecto multiplicador. Por fin, promover a investigación e funcionar como punto de encontro e de intercambio de experiencias.

Son todas as actividades anteriormente sinaladas as que definen aos centros de referencia en educación ambiental, e son as que foi construíndo o CEIDA ao longo destes dez anos, para cumprir o seu compromiso de ser o centro de referencia da educación ambiental en Galicia.





CONTEXTO XEOGRÁFICO E HISTÓRICO DO CEIDA

memoria de actividades CEIDA 2001-2011






O CEIDA ten a súa sede no castelo e a illa de Santa Cruz, situada na costa de Oleiros, enfrente da cidade da Coruña.

O CEIDA:

Promovendo e dinamizando a educación ambiental en Galicia

O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), impulsa a educación ambiental en todos os sectores sociais, así como o intercambio científico e cultural, traballando na procura de solucións aos problemas ambientais e fomentando as boas prácticas cidadás neste eido. Naceu coa vocación de ser o centro de referencia en educación ambiental da comunidade galega cumprindo a misión de coordinar, dinamizar e promover a Educación Ambiental. Constitúese, a través da figura dun consorcio, rexido por un convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros, propietario das instalacións.







Unha situación privilexiada nun marco con importantes valores históricos e naturais

O CEIDA ten a súa sede no Concello de Oleiros, Castelo de Santa Cruz, situado nunha pequena illa pertencente ao Golfo Ártabro, na ría da Coruña, unha das formacións costeiras máis ricas e singulares de Galicia, cunha fisionomía modelada pola forza das ondas que formou baixos e pequenas illas, como a de Santa Cruz, enclave privilexiado onde se encontra o CEIDA.

O emprazamento é estratéxico, pois se trata dun castelo construído inicialmente en 1594 como parte do sistema defensivo da cidade da Coruña para evitar as invasións navais. Constitúe un símbolo como monumento histórico-artístico estando declarado como Ben de Interese Cultural, protexido por patrimonio. O castelo foi reformado ao longo do tempo e entre outras funcións foi pazo que serviu de residencia de verán á escritora Emilia Pardo Bazán.

A partir de 1990 fanse diversas obras, transformando a súa función inicial cara a defensa do ambiente.

Encóntrase nun contorno privilexiado sobre unha pequena illa próxima á costa e a el accédese a través dunha pasarela peonil. Ao interese e valores naturais da súa contorna mariña e costeira sumase tamén o seu xardín con 30 especies diferentes de árbores, algunhas delas senlleiras e centenarias.



Nos arredores, o porto de Santa Cruz foi no pasado un importante refuxio para moitas embarcacións dos pescadores locais, aínda que hoxendía so quedan algunhas embarcacións de recreo e para a pesca deportiva.

Nas proximidades existen dous espazos naturais de elevado interese ambiental, o **Monumento Natural da Costa de Dexo** e a **ría do Burgo**.

O **Monumento Natural Costa de Dexo** percorre a franxa marítima que se atopa entre os Faros de Mera e o Porto de Lorbé e inclúe a totalidade de illas e illotes próximos á costa. Esta franxa costeira é unha das poucas áreas naturais ben conservadas de toda a costa Ártabra. Este feito, xunto á singularidade dos seus hábitats, e á súa xeomorfoloxía e paisaxe foron os motivos de que, no ano 2000, fose declarada Monumento Natural.

Cunha superficie de 347 ha na súa costa acantilada nidifican algunhas especies de aves mariñas como o **corvo mariño cristado**, a **gaivota patiamarela** e aves ripícolas singulares como o **andurón**.



A **ría do Burgo e a barra de Santa Cristina** é un espazo natural que a pesar da forte presión e os recorrentes impactos que teñen a súa orixe nas súas ribeiras altamente urbanizadas, segue a ser na área coruñesa unha das zonas máis importantes de invernada e paso de numerosas aves migratorias, especialmente de limícolas. A pesar dos seus problemas ambientais é tamén unha importante zona marisqueira, onde faenan multitude de mariscadores, a pé ou a flote, da Confraría da Coruña.



Educación, formación e documentación para todos

O CEIDA conta con tres áreas de traballo: formación e capacitación, educación e divulgación e o centro de documentación ambiental "Domingo Quiroga".

A área de formación encárgase da organización de actividades de capacitación para a xestión ambiental nos seus aspectos máis diversos tentando respostar ás necesidades de profesionais e xestores así como a demanda de coñecemento da cidadanía cada vez máis preocupada pola protección do noso medio. Os destinatarios son os propios educadores ambientais, técnicos municipais ou doutras administracións, así como colectivos profesionais. O formato das actividades organizadas é moi diverso, incluíndo cursos, xornadas, congresos internacionais e seminarios de formación inicial ou continua.

A área de educación ambiental desenvolve actividades e programas anuais dirixidos á comunidade educativa e a todo tipo de grupos sociais, tales como a terceira idade ou colectivos de discapacitados.

Complementa a súa oferta divulgativa coa produción de exposicións monográficas itinerantes, conferencias e a elaboración de publicacións de carácter tanto divulgativo como científico e técnico. Así mesmo o centro acolle ao longo do ano diversas exposicións nas salas destinadas para ese fin. Actúa tamén como punto de encontro e de cooperación entre as diferentes administracións, colectivos e axentes que traballan pola sustentabilidade dende cadansúas competencias e enfoques, aplicando a participación como un proceso e praxe necesaria para a procura de solucións aos problemas ambientais.

A área de documentación ambiental cataloga e pon a disposición dos potenciais usuarios monografías, revistas, cartografía, folletos, documentos non publicados e outros materiais, tanto en soporte de papel como en formato dixital. Este catálogo, único en Galicia, está especializado en Educación Ambiental, Conservación e Sustentabilidade. O centro traballa en rede con 80 centros de documentación ambiental doutras comunidades autónomas. Leva o nome de Domingo Quiroga Ríos, quen fose un dos promotores do xurdir da conciencia ambientalista nos anos 70 do pasado século e primeiro presidente da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA), fundada en 1974.

O CEIDA conta cunha liña de publicacións propia, que inclúe monografías tales como a Guía de equipamentos de educación ambiental de Galicia, ou materiais didácticos sobre o cambio climático ou sobre as mareas negras e a catástrofe do Prestige. Mención especial merece a publicación, conxuntamente co servizo de publicacións da Universidade da Coruña, da revista AmbientalmenteSustentable.

Outro aspecto que merece ser destacado é que, ao longo dos anos, foise consolidando unha importante liña de traballo de cooperación internacional. Este traballo aproveita o feito de que Galicia dispón dunha lingua de orixe común e moi próxima á de Portugal, o que facilitou fortalecer os intercambios, non só con este país, senón especialmente con Brasil e cos chamados PALOPS (países africanos de lingua oficial portuguesa).





CEIDA: UNHA TRAXECTORIA DE 10 ANOS TRABALLANDO POLA EDUCACIÓN AMBIENTAL

memoria de actividades CEIDA 2001-2011







Antecedentes

O CEIDA nace en 1992 co nome de Centro de Educación, Información e Divulgación Ambiental, coa vocación de ser o centro de referencia para a educación ambiental en Galicia.

O Centro ten a súa sede no castelo situado na illa de Santa Cruz, declarado Ben de Interese Cultural e propiedade do Concello de Oleiros, quen lle cede as instalacións á Xunta de Galicia para os fins de educación ambiental definidos no convenio de cesión. Constitúese como un organismo dependente da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura da Xunta de Galicia, baseado nun modelo similar ao que levara á creación, poucos anos antes, do CENEAM (Centro Nacional de Educación Ambiental), adscrito ao ICONA (Instituto de Conservación de la Naturaleza), do Ministerio de Agricultura do Goberno español.



O seu modelo de xestión, non obstante, nunca chegou a concretarse, pola carencia dun equipo humano e dunha asignación orzamentaria específica, de maneira que o convenio de cesión das instalacións é denunciado polo Concello de Oleiros, o que leva a unha reformulación do proxecto que a partir do ano 1998 pasa a denominarse Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, mantendo as siglas CEIDA, e a funcionar como un consorcio entre o Goberno autonómico, o Concello de Oleiros e a Universidade da Coruña. Así pois, as tres institucións crean un consorcio para dinamizar e promover a Educación Ambiental en Galicia.

A pesar de que o consorcio é constituído no ano 1998, de que se nomea un director, así como xefes de área, non existe un proxecto de xestión que teña continuidade ata o ano 2001, no que a praza de director é sometida a concurso público, asociada a un proxecto e obxectivos de xestión específicos.



Xustificación

O CEIDA pode ser considerado como centro de referencia para a educación ambiental, no sentido conceptual das recomendacións do Seminario Internacional de Educación Ambiental de Belgrado (1975) que propuxo «a creación de centros rexionais ou subrexionais para centralizar a información e estimular o desenvolvemento coordinado da educación ambiental», e da Conferencia Intergubernamental de Educación Ambiental de Tblisi (1977), que fai explícita a necesidade de crear infraestruturas de referencia para axudar as persoas e grupos sociais a descubrir os valores do seu medio e contribuír, así, a desenvolver actitudes, comportamentos e prácticas sociais coherentes coa conservación e uso sustentable do ambiente. Quince anos máis tarde, a Estratexia Mundial para a Conservación da Natureza (UICN/PNUMA/WWF, 1992) tamén recomendará aos Estados dispoñer de institucións que fagan de dinamizadoras, canalicen e coordinen a Educación Ambiental. En definitiva, un centro de referencia en educación ambiental debe cumprir un papel de dinamizador dos recursos existentes, de formación de mediadores, de elaboración de materiais, así como fornecer información e documentación relevante desde o punto de vista ambiental.



Traxectoria

O traballo acometido ao longo do período de xestión que comezara no ano 2001 obedece aos seguintes obxectivos:

- Promover un contacto permanente con institucións galegas e con outras institucións para coordinar estratexias para a sustentabilidade.
- Promover accións de orientación e asesoramento técnico e profesional nos contextos ocupacionais e laborais.
- Prestar apoio e asesoramento técnico a distintos axentes promotores da educación ambiental en Galicia. Promover foros, xornadas e encontros que posibiliten un intercambio de experiencias.
- Desenvolver iniciativas de educación ambiental dirixidas a diferentes sectores da sociedade (técnicos e profesionais dos servizos públicos, educadores ambientais, profesorado e outros colectivos sociais).
- Organizar concertadamente coas universidades, as administracións públicas e outros colectivos da sociedade civil programas de divulgación, formación e extensión universitaria que poñan ao servizo da sociedade os recursos formativos, de investigación e de información ambiental dispoñibles.
- Colaborar con institucións universitarias e centros de investigación na definición de novas liñas de traballo que redunden no beneficio da comunidade (local, comarcal, autonómica) e no establecemento dun modo de vida sostible.
- Promover a integración da educación ambiental nos distintos niveis de desenvolvemento curricular.
- Promover o desenvolvemento nos centros educativos de grupos de traballo, obradoiros, campañas, etc. Animar os centros de ensino a participar e a implicarse na resolución dos problemas ambientais e nas iniciativas ambientais que xurdan no seu contorno inmediato.
- Promover a elaboración de materiais didácticos para a educación ambiental adaptados ao tratamento das problemáticas correspondentes.
- Potenciar o deseño e desenvolvemento de campañas de sensibilización dirixidas ao conxunto da poboación ou a sectores sociais específicos.
- Crear bancos de datos que melloren a cantidade e calidade da información educativa e ambiental dispoñible.





Os obxectivos aquí sinalados concretáronse nunha serie de iniciativas e actividades que poden ser estruturadas nos apartados seguintes:

- Actividades de formación e divulgación ambiental: Inclúen diferentes tipoloxías e formatos, tales como cursos e xornadas formativas, congresos e seminarios internacionais, conferencias, exposicións e visitas guiadas, entre outras. O balance do período, en canto ao número de actividades e de participantes nas mesmas, inclúese no anexo ao final desta sección.
- Posta en marcha e consolidación do Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga. Destinado a catalogar e divulgar todo tipo de materiais de interese ambiental e educativo.
- Produción de materiais de carácter formativo, educativo e divulgativo, en diferentes soportes e formatos.
- Desenvolvemento de programas de educación ambiental. Polo seu carácter transversal, inclúen distintos tipos de actividades e prácticas de comunicación e educación, e teñen vocación de continuidade no tempo, é dicir, carácter estratéxico.

Por último, destacar tamén a importancia que os seguintes criterios tiveron neste período, para optimizar a repercusión do traballo do CEIDA na sociedade:

- Aposta polo traballo cooperativo. Na medida do posible, o CEIDA desenvolve as súas actividades en colaboración con outras administracións, organizacións e entidades. As memorias de actividades do CEIDA publicadas (2001-2005, 2006, 2007, 2008 e 2009) dan conta da intensidade desa colaboración, que inclúe as administracións estatal, autonómica e local, organismos internacionais, grupos ambientalistas locais, universidades, fundacións e empresas, entre outros.
- Descentralización das actividades. Partindo dunha aposta inicial por identificar o CEIDA coa súa sede no Castelo de Santa Cruz, o criterio evoluciona no sentido de achegar no posible as actividades, particularmente as formativas e divulgativas, aos seus potenciais destinatarios. Entendemos que a situación da sede do Centro no canto noroeste de Galicia non debe ser un impedimento para o acceso dos potenciais usuarios residentes en lugares xeograficamente afastados.
- Creación de redes e cooperación internacional. O ámbito natural no cal o CEIDA desenvolve as súas relacións de colaboración e intercambio de experiencias é o estatal, co CENEAM e con centros equivalentes doutras comunidades autónomas; o espazo europeo; iberoamérica, e a comunidade de países lusófonos. As colaboracións incluíron intercambio de experiencias e organización de encontros, realización de actividades formativas ou publicación conxunta de documentos educativos e materiais relevantes.
- Posta en valor das instalacións da Illa e o Castelo de Santa Cruz, dado o seu potencial como recurso educativo tanto polo seu valor patrimonial como polo potencial do seu contorno natural. Esta liña de traballo no propio contorno inclúe a xestión, como equipamento ambiental complementario do propio Castelo, a proposta do Concello de Oleiros e en colaboración coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza, da Aula do Mar dos Faros de Mera, que funciona como Centro de Visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes, na costa norte do concello de Oleiros.




Actividades desenvolvidas


Ao longo destes 10 anos desenvolvéronse 2557 actividades nas diferentes áreas de traballo do CEIDA nas que participaron máis de un millón e medio de persoas.

Aínda que a maior parte dos participantes se concentran nas exposicións itinerantes, a maioría das actividades do CEIDA están enfocadas aos Programas de educación ambiental e ás actividades de Formación, onde o número máximo de participantes nas mesmas está máis limitado que no caso das exposicións itinerantes.

Número de actividades por área de traballo desenvolvidas polo CEIDA. 2001-2011




Número de participantes por áreas nas actividades do CEIDA. 2001-2011




Nas actividades desenvolvidas polo CEIDA nestes 10 anos participaron cidadáns de cento oitenta e sete (187) concellos de Galicia, ben a través da súa visita ao CEIDA participando nalgúns dos Programas de educación ambiental, ou ben participando nas actividades que se desenvolven no Programa de exposicións itinerantes do CEIDA, así como no resto dos programas.

[illegible]

**Concellos que acolleron algunha
das exposicións itinerantes do CEIDA
no período 2001-2011**



**Concellos de procedencia dos
centros escolares que visitaron
o CEIDA ate o ano 2011**



[illegible]




Evolución dos orzamentos do CEIDA entre 2001 e 2011


O orzamento do CEIDA provén das achegas directas feitas pola que hoxe é a Consellería de Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio e pola Universidade da Coruña, así como dos recursos captados pola propia institución.

Ao longo destes anos o CEIDA amosou unha capacidade ascendente de captación de recursos distintos aos destinados inicialmente polas institucións e, por tanto, unha capacidade para incrementar o recursos destinados en Galicia á educación ambiental no seu conxunto.

Evolución dos orzamentos do CEIDA. 2001-2011



Orzamento desglosado por anos e polo tipo de achegas



Ingresos de xestión	73.083	134.803	161.923	309.145	423.352	477.752	611.178	752.221	522.175	469.807	306.553
Achegas entidades CEIDA	347.625	108.182	120.000	150.000	184.764	270.000	250.000	250.000	254.260	160.000	133.122
Orzamento total	420.708	242.985	281.923	459.145	608.116	747.752	861.178	1.002.221	776.435	629.807	439.675



Persoal que traballou no CEIDA entre o 2001 e o 2011

O CEIDA foi consolidando o seu equipo humano co paso dos anos, acumulando experiencia nos diferentes ámbitos de traballo (programación de actividades de educación ambiental, catalogación de fondos documentais, organización de actividades formativas,...)


	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Persoal CEIDA	2	3	7	8	8	9	11	11	11	11	8
Universidade da Coruña ¹	2	2	2	2	1	1	1	1	1	1	1
Concello de Oleiros ²	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1
Consellería de Educación ³						1	1	1	1		

1 Xefe da Área de Extensión Universitaria e becario en biblioteconomía

2 Persoal de mantemento

3 Profesor en comisión de servizo

Evolución da plantilla do CEIDA. 2001-2011






Programas de Cooperación coa Consellería de Traballo e Benestar

Baixo a rúbrica xeral de Programas de Cooperación englobábanse as axudas e subvencións destinadas ao fomento de accións de fomento de emprego en colaboración con órganos e organismos das administracións públicas, empresas, universidades e entidades sen ánimo de lucro.

Os contratados por este programa no CEIDA puideron acceder ás actividades formativas así como aos programas de visitas para escolares e público en xeral, o que supuxo unha diversificación das súas capacidades laborais, tanto dende o punto de vista do traballo en equipo, de adaptación e flexibilidade, de polivalencia e multifuncionalidade, cualidades coas que ampliaron as súas posibilidades de inserción laboral. Varias desas persoas traballan hoxe no CEIDA.


Persoal nos programas de cooperacion



Persoal en prácticas de formación no CEIDA (2001-2011)

O CEIDA ao longo deste tempo foi tamén unha plataforma para a formación de persoal procedente de diversas institucións e programas formativos, tanto a nivel autonómico, como estatal e europeo, destacando o persoal en prácticas no CEIDA procedente de diversas universidades.

Persoal en prácticas de formación no CEIDA por tipo de entidade. 2001-2011



* Universidades que enviaron alumnos en prácticas: Universidade de León, Universidade de Barcelona, Universidade Alfonso X El Sabio, Universidade da Coruña, Universidade de Vigo, Universidade de Santiago, Universidade de la Calabria.



Proxección internacional

Na súa aposta pola excelencia, o CEIDA convidou a expertos procedentes de moitos países do mundo, especialistas de primeiro nivel na súa área de actividade.

Países de procedencia de poñentes e participantes en actividades do CEIDA





Algunhas das persoalidades relevantes que impartiron docencia ou participaron en reunións no CEIDA:



Jane Goodall. Naturalista, activista e primatólogo inglesa. Premio Príncipe de Asturias das Ciencias.



Demetrio do Amaral de Carvalho. Presidente da Haburas Foundation de Timor Leste. Premio Goldman á defensa do medio ambiente en 2004.



Luis Moita. Activista en defensa dos povos africanos. Vicerreitor da Universidade Autónoma de Lisboa e experto en Relacións Internacionais.



Colleen McCrory (Canadá). Directora executiva da Valhalla Wilderness Society. Premiada co Global 500 da ONU, o Goldman Award, e o premio Internacional Parks Merit da UICN.



Marcos Sorrentino. Universidad de São Paulo (Brasil). Foi Director Xeral de Educación Ambiental no goberno de Lula.



Dan Laffoley. Senior Advisor en conservación e ciencias mariñas no Global Marine and Polar Programme. Vicepresidente da Comisión de Áreas Protexidas da UICN.



Renée Sivan. Directora da Davidson Exhibition and Virtual Reconstruction Center, e do museo das tres culturas de Xerusalén.



Michel Robert. Responsable de investigación no Ministerio Francés de Ecoloxía e Desenvolvemento Sostible. Profesor da Universidade de París e membro da Academia Francesa de Agricultura.



Delmar Blasco. Secretario xeral da Convención Ramsar, para a conservación de humidaes de importancia internacional, con sede en Suíza.



Guillermo Ñaco. Dirixente indíxena, representante da confederación de tribos amazónicas da selva central do Perú.



Carlos Walter Porto Gonçalves. Profesor de Xeografía Humana da Universidade Federal Fluminense de Brasil e colaborador persoal de Chico Mendes.



Sam H. Ham. Director do Center for International Training and Outreach, na Universidade de Idaho. Experto internacional en Interpretación ambiental.



Betty Weiler. Profesora da Monash University (Melbourne-Australia), experta mundial en ecoturismo.



William F. Laurence. Premio Fundación BBVA Fronteras del Conocimiento en Ecología y Biología de la Conservación en 2009. É unha das maiores autoridades mundiais en biodiversidade e conservación de selvas tropicais. (EEUU)



Aidil Borges. Responsable de educación ambiental en Cabo Verde, coordinadora de programas para África Occidental.



Januário José Agostinho Augusto e Rafael Miguel Neto. Membros da Comisión Executiva da Rede Ambiental Maiombe de Angola.



Baldeu Chande. Co-Administrador do Parque Internacional do Limpopo, compartido por Mozambique, Suráfrica e Zimbabwe, un dos maiores esforzos de conservación en África.



Jutta Kill (Alemania). Coordinadora Internacional de SinksWatch e membro do FERN (Forests and the European Union Resources Network).



Edgar Gonzalez Gaudiano (México). Editor da revista Tópicos en Educación Ambiental, asesor da comisión de seguimento da Década UNESCO para a Educación para o Desenvolvemento Sustentable (2005-2014).



Enrique Leff Zimmerman (México). Coordinador da Rede de Formación Ambiental para América Latina e o Caribe do PNUMA.



Carlos Albrieu e Silvia Ferrari (Argentina). Profesores da Universidade Nacional da Patagonia Austral, expertos en programas de educación e conservación das aves patagónicas (condor, pingüino de magallanes,...).



Eduardo Souto de Moura. Arquitecto, profesor da Universidade do Porto. Premio Pritzker de Arquitectura en 2011.



Jorge Ventocilla. Especialista en educación ambiental do Instituto Smithsonian de Investigaciones Tropicales, Panamá.



Maria Rydlund (Suecia). Membro de Carbon Trade Watch. Experta en conservación e uso sustentable dos bosques.



Áreas de traballo do CEIDA entre 2001 e 2011

Nestes 10 anos o CEIDA desenvolveu as súas accións en diferentes áreas de traballo vinculadas todas elas ás problemáticas ambientais máis acuciantes e ás necesidades sociais da educación ambiental en Galicia. Para levalas a cabo o CEIDA foi desenvolvendo diversas liñas estratéxicas que se recollen a continuación.

	OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
EDUCACIÓN AMBIENTAL NON FORMAL	- Ser punto de encontro, reflexión e referencia formativa para os educadores ambientais galegos. - Ser un interlocutor de referencia en Galicia para colectivos, e equipamentos tanto de España como doutros países	- Fomentar espazos de encontro e reflexión entre estes colectivos - Ofertar accións formativas con criterios de excelencia
EDUCACIÓN AMBIENTAL NO SISTEMA EDUCATIVO	- Incentivar os centros educativos a que traballen en iniciativas a prol da conservación e divulgación do medio natural - Axudar na consolidación dunha nova cultura ambiental entre toda a comunidade educativa - Consolidar vías de comunicación e de colaboración entre os centros educativos e o CEIDA - Consolidar o Congreso Escolar como espazo de referencia da posta en valor do patrimonio natural galego e divulgación dos traballos realizados	- Asesoramento técnico e apoio económico aos proxectos participantes - Satisfacción das necesidades de documentación tanto do profesorado como do alumnado a través do Centro de Documentación Domingo Quiroga - Realización do Congreso como espazo de intercambio e punto de encontro entre todos os participantes
DESENVOLVEMENTO LOCAL	- Contribuír á formación ambiental dos técnicos e persoal responsable da xestión ambiental municipal. - Contribuír á dinamización das Axendas 21 Locais, con especial incidencia na comarca das Mariñas e nos concellos integrantes dos núcleos de Sostibilidade	- Deseño e execución dun plan formativo para persoal técnico e cargos políticos das administracións locais - Asesoramento e apoio documental
CAMBIO CLIMÁTICO	- Ofertar actividades formativas en torno ás causas, efectos e medidas de mitigación necesarias en torno ao quentamento global tanto a nivel global como galego - Converter o CEIDA nun centro de referencia en eficiencia enerxética en colaboración co INEGA	- Ofertar un amplo abano de actividades tanto formativas como divulgativas e de concienciación (Comunicación, educación e participación para o cambio climático, exposición itinerante, cursos de conducción eficiente, arquitectura bioclimática) - Auditoría enerxética do CEIDA
TURISMO	- Promover boas prácticas ambientais - Divulgar o patrimonio natural e cultural de Galicia como recurso turístico	- Formación ambiental dos distintos axentes turísticos - Organización de actividades de divulgación e promoción do patrimonio natural e cultural de Galicia - Colaboración cos distintos actores que traballan a prol do desenvolvemento do turismo sostible



OBJECTIVOS		LIÑAS DE ACTUACIÓN
AUGA	- Impulsar un cambio progresivo nos hábitos de consumo da auga por parte da cidadanía, imprescindible para garantir a preservación axeitada deste recurso natural - Promover e estimular o debate social ao redor dunha nova cultura da auga	- Actividades formativas sobre a problemática da auga, vinculadas á xestión da mesma e uso sustentable - Actividades de divulgación e sensibilización sobre a auga - Deseño, elaboración dunha exposición itinerante sobre a auga e elaboración de materias didácticas de apoio ON LINE para o profesado e alumnado - Apoio documental a investigadores, técnicos etc. a través do Centro de Documentación Domingo Quiroga
MEDIO MARIÑO	- Dar a coñecer a todos os sectores da sociedade a deficiente protección do medio mariño e a urgente necesidade de establecer Áreas Mariñas Protexidas - Cooperar coas administracións públicas, centros de investigación, organizacións de pescadores e outros colectivos para fomentar a creación de pesquerías sostibles e o establecemento de Áreas e Reservas Mariñas Protexidas - A posta en valor do Patrimonio Cultural e Etnográfico vinculado ás Comunidades Costeiras	- Accións de formación - Exposición itinerante Áreas Mariñas Protexidas - Proxecto Serea
CONSERVACIÓN E USO PÚBLICO	- Sensibilizar e informar a cidadanía sobre a importancia e a necesidade de conservar o patrimonio natural, especialmente o galego e, en particular, o do ámbito comarcal e local - Fomentar a través de diversas actuacións un proceso de reflexión cara á mellora da xestión da conservación dos espazos naturais	- Actividades formativas e divulgativas - Programas de educación ambiental - Xestión do uso público do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes - Congreso escolar. "Espazos para Conservar. Defendamos o noso patrimonio natural"
MONTES	- Divulgar a importancia da conservación e a multifuncionalidade do monte e dos bosques, fomentando unha conciencia ambiental en termos de sostibilidade - Crear un Parque Botánico Forestal como dinamizador da cultura forestal e a mellora da calidade ambiental do territorio	- Accións de formación, divulgación e concienciación - Estudo técnico e proxecto educativo e interpretativo do Parque Botánico Forestal - Rede de Reservas Forestais de Galicia
COOPERACIÓN INTERNACIONAL	- Participar nas principais redes internacionais envolvidas na conservación da natureza e na educación ambiental - Favorecer a divulgación do papel de Galicia na conservación da natureza e na educación ambiental - Colaborar con administracións e colectivos doutros países que perseguen obxectivos comúns	- Traer a Galicia novos coñecementos, experiencias e iniciativas que contribúan a un mellor desenvolvemento no noso país de accións ambientais - Compartir coñecementos e experiencias, promover marcos de colaboración e outras actividades que contribúan a mellorar as capacidades para resolver os problemas socioambientais tanto no ámbito local como no rexional e global
INVESTIGACIÓN	- Desenvolver proxectos de investigación sobre a educación ambiental como instrumento para a conservación, xestión e mellora do medio ambiente - Coordinar a revista científica AmbientalMENTE-sustentable - Desenvolver proxectos de innovación no ámbito formativo	- Editar dous números da revista AmbientalMENTE-sustentable - Desenvolver unha investigación sobre os programas de educación ambiental que se están a desenvolver nos espazos naturais galegos - Iniciar cursos de educación ambiental cunha plataforma on-line



A posta en valor do castelo e a illa de Santa Cruz

A posta en valor do castelo e a illa de Santa Cruz incluíu diferentes obras de mellora e acondicionamento, así como a dotación de mobiliario e equipos.

Cabe salientar entre as máis importantes: o acondicionamento do Castelo con actuacións de reparación do tellado, pintado das estancias, a dotación de cafetería, o arranxo do artesoado do teito da sala de exposicións, o traslado e dotación do Centro de Documentación, a adquisición de mobiliario expositivo e a dotación de mobiliario e equipos electrónicos e informáticos nas salas de traballo.

Tamén se executaron ao longo destes anos as seguintes actuacións:

- Arranxo das torres exentas ao edificio principal
- Arranxo da vivenda do guardés, convertida en residencia de investigadores e profesores invitados
- Arranxo dos xardíns, con eliminación de elementos indesexables e protección e tratamento –poda sanitaria–, dotación de mobiliario (mesa e bancos, e sendeiros en madeira tratada) e construción de estanque
- Instalación da escultura conmemorativa da Pardela







- Creación dun sistema de autocompostaxe
- Instalación de paneis interpretativos
- Arranxo dos accesos coa instalación de novos portóns
- Construción de contrafortes e acondicionamento e consolidación das murallas
- Novo sistema de iluminación exterior e interior mellorado
- Acondicionamento de senda perimétrica, con quitamedos, mobiliario e acceso para persoas con discapacidades, incluíndo tamén un itinerario interpretativo autoguiado con paneis en diferentes formatos.
- Instalación de elementos e paneis informativos e corporativos do CEIDA.

Todas estas melloras, que foron acometéndose ao longo dos 10 anos transcorridos, contaron coas achegas do Ministerio de Cultura, do Ministerio de Medio Ambiente (Demarcación de Costas), da Consellería de Industria, da Consellería de Cultura (D.X. de Patrimonio), do Concello de Oleiros e dos fondos propios do CEIDA.

En total, os investimentos realizados neste período superan o medio millón de euros tanto no castelo como na illa de Santa Cruz.







CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

memoria de actividades CEIDA 2001-2011





Traxectoria e balance 2001-2011

A información ambiental como base da concienciación cidadá

Todos os días aparecen novas nos medios de comunicación sobre a problemática ambiental: cambio climático, sobreexplotación pesqueira ou crise enerxética son algúns exemplos. Non obstante, a pesar do volume de información, non resulta doado transmitir á opinión pública a dimensión real do problema. Por este motivo é preciso que os comunicadores e educadores dispoñan de ferramentas que lles faciliten achegar esta cuestión á cidadanía. Entre esas ferramentas, a información ambiental posiciónase como un valor fundamental nos distintos encontros de carácter internacional e foi recoñecida finalmente no Convenio de Aarhus (1998) como dereito de acceso á información ambiental, á participación dos cidadáns na toma de decisións e o dereito de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, e aplicados os seus principios nas distintas Directivas comunitarias.



O CEIDA, consciente disto, desde os seus inicios, recoñece como un dos seus fins nos estatutos da entidade “establecer un sistema de recollida de información ambiental co obxectivo de crear un fondo documental e un banco de datos ambientais que permita difundir todo tipo de documentación”. De aí que se establece na sede do CEIDA o Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga que dispón do fondo documental de temática ambiental máis amplo de Galicia. A diversidade de materiais e servizos ofertados busca facilitar o acceso á información relacionada co medio ambiente a toda a cidadanía. Ademais, a través da colaboración con outros centros da mesma natureza a nivel estatal conseguiu establecer lazos de unión que permiten traballar en rede e que repercuten nunha mellor atención de cara ao público.

Pero, para chegar ata aquí, fíxose necesario que o centro evolucionase segundo as necesidades internas do propio CEIDA e as dos usuarios externos, así como a adaptación ás novas tecnoloxías da información que permiten traballar con documentos en liña, ou a fusión da área de documentación coa área de información e comunicación do CEIDA.

Os apoios directos das distintas institucións

Ao longo destes anos, o Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga contou con distintos apoios, destacando especialmente a colaboración coa Consellería do Mar, antiga Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia, que desde o 2006 apoiou o traballo de divulgación ambiental do centro. O Boletín Informativo Amares, publicación electrónica de periodicidade mensual especializada en medio mariño, xurdiu como froito desta colaboración.

Sinalar tamén o patrocinio de diversas actividades, co motivo da participación nos seus plans de axudas, da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, a través do seu Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (INCITE) que fixo posible a realización de distintas actuacións durante a Semana da Ciencia 2008, así como da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) que permitiu a organización do ciclo de cine ambiental “Butaca verde”, realizado en concellos e centros escolares.

Xénese do centro de documentación

A creación deste centro lembra a figura de D. Domingo Quiroga Ríos (1900-1992), quen tivo un papel sobranceiro na defensa dos recursos naturais e do medio ambiente de Galicia. Foi especialista en temas pesqueiros pola FAO (Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación) e co-fundador da Asociación de Armadores da Coruña.

As orixes do Centro de Documentación sitúanse na Casa da Xuventude do Concello de Oleiros, onde se comezaron a reunir materiais de temática ambiental. Co inicio das actividades do CEIDA, trasladáronse os fondos ao Castelo de Santa Cruz, comezando unha inxente tarefa de clasificación dos materiais.

O Centro de Documentación do CENEAM (Centro Nacional de Educación Ambiental) tomouse como modelo de xestión dos fondos; unha visita de traballo ás súas instalacións permitiu coñecer de primeira man os seus procedementos, así como as súas ferramentas de traballo: o programa de xestión bibliotecaria CDS-ISIS da UNESCO e o tesouro multilingüe do Ministerio de Medio Ambiente.



Un espazo máis aberto, moderno e accesible

Dende os seus inicios o Centro de Documentación mellorou a súa dotación ostensiblemente. Incorporouse un equipo de consulta, un televisor e un vídeo para os usuarios, procedeuse á adquisición e actualización dos equipos informáticos e periféricos do persoal do centro: novos equipos e monitores, tres dixitalizadoras, unha impresora e un equipo de audiovisuais. Tamén se procedeu á adquisición dun moble para os audiovisuais, que permitía a súa mellor conservación grazas ás portas de cristal que evitaban a entrada de pó nos materiais. O ano 2007 foi un punto de inflexión no Centro de Documentación. Decidiuse o seu traslado á planta inferior, así como a mellora do seu mobiliario. Deste xeito, o centro pasou a contar con tres salas do castelo á súa disposición, unha delas destinada a depósito e outra a sala de consulta. O mobiliario e o persoal instaláronse nunha sala intermedia entre as dúas anteriores, con parte do mobiliario da súa anterior etapa e parte renovado. Por último, ampliáronse os estantes, pasando de contar con 100 m. a 350 m. lineais.

Estas medidas facilitaron o acceso ao centro e déronlle visibilidade, ademais de asegurar un espazo máis cómodo e acolledor tanto para o traballo do persoal coma para a consulta dos materiais polos usuarios.

A evolución do fondo documental

O Centro de Documentación do CEIDA busca recompilar toda a produción científica e divulgativa sobre medio ambiente a nivel galego, estatal e internacional, para poder satisfacer a demanda de información dun público heteroxéneo. Non debemos esquecer que o medio ambiente é un tema transversal que ocupa tanto a mestres coma a políticos, avogados, enxeñeiros, etc., e a natureza dos coñecementos de cada profesión, así como a orientación que lle dan aos contidos ambientais é diferente. Por este motivo é importante dispoñer de recursos variados que poidan dar cabida aos distintos destinatarios aos que se dirixan as actividades baseadas neles.


Así, o Centro recompila información en todo tipo de soportes: libros, revistas e materiais audiovisuais son os que forman a maior parte do fondo, pero tamén se dispón de cartografía, folletos e material dixital. No caso das revistas, débese destacar o traballo de baleirado dos artigos, posto que estes supoñen un recurso importante do fondo, xa que permite a recuperación desde o catálogo dos artigos das publicacións periódicas.






Evolución dos tres tipos principais de materiais durante estes 10 anos


Monografías



Artigos baleirados



Audiovisuais



Desde os seus inicios, o Centro procurou incorporar de forma constante novos materiais para manter o fondo actualizado a través da compra a diferentes librerías e tendas especializadas. Compre sinalar que foron tamén numerosas as doazóns, ben a través de intercambios con outras entidades, ou grazas a persoas ou institucións que as cederon de forma desinteresada.

Son varias as entidades coas que se estableceu intercambio de publicacións. Un exemplo son os centros pertencentes a RECIDA (Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental), un total de 104 membros que reciben todas as publicacións do CEIDA e das que se recibe documentación de forma periódica, como o CENEAM (Centro Nacional de Educación Ambiental), Centro de Documentación del Auga y el Medio Ambiente (Zaragoza), Organismo Autónomo de Parques Nacionales ou EUROPARC-España, entre outros. Por outra banda, froito da publicación en colaboración coa Universidade da Coruña da revista *AmbientalMente sustentable*, existe un intercambio de publicacións periódicas coa biblioteca do Xardín Botánico de Valencia, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade das Palmas de Gran Canaria, a Pontificia Universidade Católica de Brasil, o Ministerio de Medio Ambiente de Brasil, o Parque Biolóxico de Gaia (Portugal) ou a Biblioteca Henri Pittier (Venezuela).




En canto a outras entidades e persoas que colaboran de forma desinteresada, cabe destacar a doazón de publicacións das Consellerías do Mar e de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, e do Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, así como de D. Héctor Quiroga, fillo do persoeiro que dá nome ao centro. A IUCN (Unión Mundial para a Conservación da Natureza), organización da que o CEIDA é membro, tamén ofrece parte das súas publicacións de forma gratuíta.

Para levar a cabo a catalogación e organización dos fondos, no ano 2010 iniciouse o proceso de cambio do programa de xestión bibliotecaria, grazas a un convenio coa Consellería de Cultura e Turismo. O novo sistema integrado de xestión de bibliotecas KOHA permitirá dispoñer do novo catálogo en liña, administrar os fondos do Centro de Documentación e o intercambio de rexistros entre centros de documentación e bibliotecas.


Os usuarios e as consultas

Ao longo dos seus 10 anos de actividade, os usuarios que máis solicitaron os servizos do Centro de Documentación do CEIDA foron os educadores ambientais, o persoal docente e os estudantes, enxeñeiros técnicos agrícolas e forestais e o persoal técnico da Administración Local, consultoras e empresas ambientais. As consultas realizadas oriéntanse fundamentalmente ás actividades educativas e recursos didácticos de educación ambiental e tamén á planificación e xestión do territorio e da paisaxe, así como na sustentabilidade aplicada ao ámbito local.

Perfil usuarios



Materiais consultados



Do papel a internet: evolución nos servizos

O século XXI supuxo unha revolución nos servizos bibliotecarios e documentais. As posibilidades que ofrecen as novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) conlevan unha transformación e adaptación nos tradicionais servizos das unidades de información. Esta situación de cambio tamén se veu reflectida no Centro de Documentación do CEIDA, onde ao longo deste anos foron xurdindo iniciativas cada vez máis relacionadas co ámbito das TIC.

Dossier Prestige

Desde finais do ano 2002 comezouse a recompilar todas as novas de prensa en papel relacionadas co tema da marea negra do Prestige en distintos diarios (El País, El Mundo, La Voz de Galicia...). Na actualidade, este fondo está pendente de dixitalización para a súa mellor difusión.

Dossieres temáticos de publicacións periódicas

Durante os anos 2005 e 2006 traballouse na elaboración de dous dossiers que recompilaban artigos das publicacións periódicas que se recibían no centro, un sobre a problemática do cambio climático e o Protocolo de Kyoto e outro sobre as áreas mariñas protexidas.



Servizo de referencia telemático e asesoramento

Un dos papeis fundamentais do Centro de Documentación é o de asesorar aos usuarios sobre os materiais que poden consultar e que poden serlles máis útiles no seu traballo. Isto supón, en moitos casos, resolver de xeito case inmediato as necesidades informativas dos nosos visitantes, por vía telefónica ou correo electrónico.

Dentro deste asesoramento, cabe destacar o apoio documental proporcionado aos participantes do II Congreso de Educación Ambiental dos Centros de Ensino da provincia da Coruña, celebrado en 2008. Elaboráronse tamén bibliografías especializadas adaptadas a cada unha das actividades formativas. En 2009 substituíuse este sistema pola difusión das bibliografías e enlaces a recursos de interese a través da web do CEIDA.



Boletíns electrónicos

No ano 2006, co fin de suplir a ausencia dun catálogo en liña, comezouse coa edición de dous boletíns electrónicos, ambos os dous aínda vixentes:

Boletín de Novidades

En maio de 2006 publicouse na web do CEIDA o primeiro número deste documento electrónico. Este boletín, de periodicidade mensual, recolle información bibliográfica sobre unha selección dos materiais que son adquiridos ou recibidos en doazón polo centro. Cada número dedícase a un persoeiro ou institución relevante no eido ambiental; a publicación tamén inclúe unha sección específica para os boletíns oficiais (BOP, DOG, BOE e DOUE).



Boletín informativo Amares

Esta publicación xurdiu a raíz dun acordo de colaboración coa Consellería do Mar, e comezouse a súa elaboración no mes de outubro de 2006. Trátase dunha publicación especializada no medio mariño, que ofrece información bibliográfica de materiais en distintos soportes dispoñibles no centro.





Directorio web

A renovación de contidos da anterior páxina web do CEIDA no 2006 supuxo a apertura de novas seccións, e entre estas xurdiu o directorio web que no ano 2008, redefiniuse segundo ás liñas de traballo prioritarias do CEIDA, criterio que continúa na actualidade: Desenvolvemento local e sustentabilidade – Forestal – Conservación – Enerxía e cambio climático – Educación ambiental – Cooperación – Turismo.



Aula virtual

No ano 2008, co motivo da organización dun obradoiro en liña, o Centro de Documentación puxo en marcha unha aula virtual a partir da plataforma Moodle, amplamente empregada por diferentes universidades e outras entidades a nivel estatal. Desde entón, a plataforma utilízase para poñer a disposición dos asistentes ás actividades formativas do CEIDA un punto de acceso desde o que descargar os materiais elaborados polos formadores e relatores.



Banco de imaxes

O CEIDA, ao longo da súa actividade, recompilou unha ampla memoria fotográfica con imaxes dos eventos organizados pola entidade, así como de moitos daqueles nos que colaborou. Así, en 2009 comezouse o deseño do banco de imaxes en liña do CEIDA clasificándose en diferentes temáticas, flora, fauna, actividades... O fondo fotográfico estará accesible desde Internet, e calquera persoa interesada poderá acceder a el, previo rexistro gratuito na plataforma.



A documentación como área transversal: servizos de carácter interno

Ao igual que sucede co medio ambiente, a documentación é un aspecto inherente a todas as materias. Para tomar decisións acertadas é preciso que estean baseadas en información de calidade e actualizada. Por este motivo, o Centro serve de apoio nas distintas actividades formativas e divulgativas da entidade, apoio que se materializa nun fluxo de comunicación constante en ambos os dous sentidos. Créanse os seguintes servizos:

Boletíns oficiais

Dende o 2006 diariamente, o persoal do Centro consulta os distintos boletíns oficiais: BOP, DOG, BOE e DOUE. As leis e disposicións en materia de medio ambiente envíanse por correo electrónico ao persoal.

Novas adquisicións

Dende o ano 2007 infórmase semanalmente das novas adquisicións dos fondos do Centro de Documentación.

Bases de datos

No 2008 créanse bases de datos de contactos especializadas na área municipal, forestal e turismo moi útiles para as dinámicas de traballo condicionadas polas distintas liñas estratéxicas.

Apoio documental

Para dotar de contidos ás distintas actividades como a elaboración do programa dun curso, o deseño dunha visita guiada o persoal do CEIDA acude ao Centro de Documentación.

Outras iniciativas

Ademais dos servizos comentados, durante a súa traxectoria, o Centro de Documentación desenvolveu outras actividades e editou, de forma puntual, boletíns de novidades temáticos e publicacións electrónicas especializadas como o Boletín de Novidades, Especial Cambio Climático.



Na semana da Ciencia do 2008 coa colaboración da Consellería de Innovación e Industria desenvóléronse dúas actividades, Obradoiro en liña **“Internet como ferramenta de busca de documentación científica”** e o **“Obradoiro de iniciación ao vídeo documental”**. Tamén se editou o Boletín de Novidades, Especial Ciencia e Tecnoloxía, cunha ampla difusión.



Ciclo de cine documental ambiental e solidario “Butaca Verde”

O Castelo de Santa Cruz, grazas ao compromiso do CEIDA, está destinado á educación e divulgación ambiental. Non obstante, hai outro aspecto importante que non se debe esquecer: o valor que ten este conxunto histórico para a poboación local. Por iso abríronse as portas do salón de actos para ofrecer á máis de 200 persoas do concello o ciclo de cine ambiental e solidario “Butaca Verde” no verán de 2009, e que permitiu tamén divulgar entre os asistentes os servizos do Centro de Documentación.

A partir desta experiencia e co fin de reforzar a liña de traballo relacionada coa Administración Local, púxose en marcha o ciclo de cine para concellos. Ofertáronse tres ciclos diferentes de cine ambiental que os Concellos podían solicitar en préstamo para desenvolver no seu propio termo municipal. Escolléronse temas relacionados coas principais problemáticas ambientais e sociais que afectan ao noso planeta, provocando unha necesaria reflexión na cidadanía sobre os estilos de vida sustentables.

Participaron entre o 2009 e o 2011 un total de 44 concellos de toda Galicia.





O centro de documentación como ferramenta de información e comunicación do CEIDA

Como centro de referencia para a educación ambiental en Galicia, un dos obxectivos principais do CEIDA é servir como punto de información e divulgación de todas aquelas actividades ou novidades de temática ambiental a toda a cidadanía galega. É por iso que, desde os seus inicios, o centro conta cun área de traballo especializado na comunicación e divulgación das actividades.

Dende o ano 2010 o funcionamento xeral do centro de documentación do CEIDA tivo cambios estruturais que deron lugar á fusión de dúas áreas que, ata o momento, traballaban de forma independente: a área de documentación e a área de información e comunicación. Deste xeito, o centro de documentación ampliou de forma considerable os seus servizos internos e externos mediante a elaboración de diversos produtos comunicativos en diferentes medios.

Actualización e mantemento da páxina web

Hoxe en día, Internet é un dos principais medios de difusión que conta con maior afluencia, de modo que manter unha páxina web corporativa atractiva e actualizada é fundamental para chegar a un público amplo e heteroxéneo.

Xestión da lista de distribución

O CEIDA mantén unha ampla base de datos onde se recollen os datos dos participantes nas súas actividades. Para chegar de forma rápida e fácil a todos eles, desde o ano 2010 o centro de documentación xestiona unha lista de distribución dende a cal se divulgan todas as actividades e actos que teñen lugar no propio centro.

Divulgación a través dos medios de comunicación

Co fin de ampliar a súa proxección exterior desde o ano 2010 o centro de documentación mantén unha relación directa e constante cos medios de comunicación (prensa, radio e televisión) mediante o envío de notas e convocatorias de prensa periódicas e a cobertura dos diferentes actos que teñen lugar no centro, recompilando as novas publicadas.

Divulgación a través das redes sociais

Unha das características do século XXI é o vertixinoso desenvolvemento da tecnoloxía e dos novos medios de comunicación electrónica, especialmente aqueles relacionados co desenvolvemento da web 2.0 (blogs, redes sociais, etc.). O CEIDA crea durante o 2010 dúas novas canles: a páxina da institución no facebook e o canal de vídeos de youtube. Estas novas vías permiten unha comunicación máis viva e dinámica coa sociedade, compartindo información con moitas persoas e interactuando con elas.

Colaboracións con outros centros

A relación da Área de Documentación do CEIDA con outros centros de temática similar pode exercer un efecto amplificador sobre a cantidade e a calidade dos seus servizos. Neste senso, cabe destacar os vínculos establecidos coas seguintes entidades:

RECIDA

A raíz dos Seminarios de Medio Ambiente e Espazos Naturais Protexidos, organizados desde o ano 2001 polo CENEAM, xurdiu unha rede que reúne á maior parte dos centros de documentación ambiental do estado: RECIDA, Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental do estado español. Esta rede busca favorecer o intercambio de experiencias, información, documentación, e a colaboración en proxectos comúns entre os seus membros para mellorar e aumentar o servizo aos usuarios.

Actualmente, RECIDA conta con máis de 100 membros distribuídos por todas as comunidades autónomas e estase a traballar nunha páxina web para a rede, onde centralizar a información relativa aos centros integrantes, aos seminarios, e aos grupos de traballo desenvolvidos nos diferentes encontros.

O Centro de Documentación do CEIDA participou na rede de forma activa a través da colaboración na organización do Seminario do ano 2007 e ofrecendo o Castelo de Santa Cruz como sede para a súa celebración. Nese mesmo ano, o Centro comeza a colaborar xunto con outros membros no Grupo de Boletíns Electrónicos de RECIDA.





Participación do centro de documentación en congresos e xornadas

Os congresos e xornadas constitúen puntos de encontro entre profesionais coas mesmas inquedanzas que poden atopar nestes eventos un medio de formación e unha fonte de experiencias e contactos. Por outra banda, tamén supoñen unha pantalla para facer a unha entidade coñecida no seu eido profesional. O Centro de Documentación ten participado en congresos destacados a nivel autonómico, estatal e internacional.

Eduambiengal

A Universidade de Santiago de Compostela, a través do Instituto de Ciencias da Educación, organizou en xuño de 2009 as VI Xornadas Galegas de Educación Ambiental “Eduambiengal”. Neste evento, presentouse a comunicación O medio ambiente na sociedade da información: O papel do Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga.

Seminario de Centros de Documentación Ambiental e Espazos Naturais Protexidos

Estes seminarios, de periodicidade anual, organízanse conxuntamente entre o CENEAM e o Parque Natural da Zona Volcánica da Garrotxa desde o ano 2001. Desde os seus inicios, o persoal do Centro de Documentación do CEIDA foi convidado cada ano a participar nos diferentes encontros. En cada edición, dedícase un tempo á formación dos asistentes a través de profesionais destacados no ámbito da documentación e intercambio de experiencias entre os distintos centros. Neste espazo, o Centro de Documentación do CEIDA participou tres veces coas intervencións “Posta en funcionamento do Centro de Documentación Domingo Quiroga” (Navarra, 2004), “Boletín de Novidades do Centro de Documentación Domingo Quiroga” (Valsaín, 2006) e “Evolución do grupo de traballo de boletíns electrónicos” (Palencia, 2011). Na edición do 2008, celebrada en La Laguna (Tenerife), EUROPARC-España, InfoSud (Universidade de Valencia) e o Centro de Documentación do CEIDA presentaron a súa proposta de metodoloxía de traballo para o grupo de boletíns electrónicos co que se comprometeran o ano anterior.

I Congreso Internacional de Educación Ambiental dos Países Lusófonos e Galicia

En setembro de 2007, o CEIDA organizou en Santiago de Compostela o I Congreso Internacional de Educación Ambiental dos Países Lusófonos e Galicia. Este congreso reuniu a máis de 400 persoas galegas e de todos os países lusófonos. Esta Área de Documentación presentou a comunicación “A información, unha ferramenta para a Educación Ambiental”.

Desafíos de futuro

Durante os 10 anos de funcionamento do CEIDA, unha das áreas que máis foi evolucionando e adaptando ás necesidades dos seus usuarios foi o Centro de Documentación. Comezando como unha pequena colección de documentos ambientais herdados ao Concello de Oleiros, pasou por varios anos de exhaustivos traballos de catalogación e ampliación dos fondos, consolidándose na actualidade como un centro dinámico que ofrece variados servizos, moitos deles adaptados ás novas tecnoloxías. Servizos como o préstamo por correo postal, o envío de documentación dixitalizada ou a procura de documentos electrónicos son algúns exemplos do seu carácter innovador.

Non obstante, un dos desafíos de futuro do centro é a dispoñibilidade dos fondos a través da Rede mediante a implantación do catálogo en liña, de modo que todos os usuarios poidan consultar, de forma autónoma, os materiais dispoñibles cunha simple conexión a Internet. O catálogo en liña está a ser posible grazas ao convenio de colaboración coa Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia. Dita colaboración se levará a cabo mediante a implementación do programa KOHA, un sistema integrado de xestión bibliotecaria punteiro que ofrece grandes posibilidades, tanto ao usuario como ao persoal do centro de documentación. Na actualidade, estanse engadindo os rexistros bibliográficos ao programa de catalogación, e prevese ofrecer o novo catálogo ao público a través da páxina web a principios do 2012.

Outra das batallas pendentes en vindeiros anos é a consolidación do Centro de Documentación do CEIDA como o referente en documentación ambiental na Comunidade Autónoma de Galicia. Para iso será necesario incrementar o perfil dos usuarios potenciais mediante un exhaustivo traballo de divulgación (comunidade escolar, administración local, universidade, etc.), de forma que a heteroxeneidade dos fondos poidan chegar ao maior número de sectores da sociedade galega.





Publicacións do CEIDA 2001-2011

Para un centro como o CEIDA, referente na educación ambiental en Galicia, a publicación de materiais desempeña un papel importante na súa función divulgadora.

Libros e Monografías editadas polo CEIDA

Guía dos equipamentos para a educación ambiental na Galiza. E doutras instalacións para a divulgación do patrimonio

Autora, Araceli Serantes Pazos.Oleiros (A Coruña): CEIDA, 2005. 164 p. ISBN 84-609-7239-9

Primeiro rexistro sistemático de centros que están a traballar na divulgación do patrimonio, a través de propostas educativas e interpretativas ou doutras expositivas e informativas, todos eles compartindo o mesmo fin, a conservación do legado natural e cultural.

Formación e investigación en Educación Ambiental: Novos escenarios e enfoques para un tempo de cambios

Autores, Lucie Sauvé, et al.Coordenadores, Pablo Ángel Meira Cartea, Marília Andrade Torales.

[Liáns, Oleiros]: CEIDA, 2008. 199 p. ISBN 978-84-612-4519-2

Libro que recolle reflexións, enfoques metodolóxicos e propostas de acción que xorden no mundo académico e que demostran que existen ámbitos consolidados ao carón doutros emerxentes, tanto a nivel teórico como metodolóxico.

A xestión do litoral

Coordinador, Carlos Vales Vázquez.

Liáns (Oleiros): CEIDA, DL 2009, 111 p. ISBN 978-84-613-7264-5

O obxectivo deste libro é axudar a entender os procesos e conflitos existentes coa xestión do litoral. Recolle aportacións diversas e puntos de vista que foron presentados nas Xornadas sobre a Xestión do Litoral organizadas polo CEIDA en abril do 2007.



Seminário Internacional Educação, Ambiente, Turismo e Desenvolvimento Comunitário: São Tomé e Príncipe, 21-28 de Julho de 2008: Resumos

Autores, Centro de Estudos Africanos, et al.

[Liáns, Oleiros]: CEIDA, 2008. 95 p. ISBN 978-84-691-4676-7

Recompilación dos resumos do seminario que tivo lugar entre o 21 e o 28 de xullo en San Tomé e Príncipe.

Educación ambiental y cambio climático: respuestas desde la comunicación, educación y participación ambiental

Coordinadores, Francisco Heras, et al. Santa Cruz (Oleiros): CEIDA, DL 2010. 319 p. ISBN 978-84-613-8862-2

Esta publicación é unha escolma das experiencias e reflexións mais significativas dos ultimos anos no Estado sobre a comunicación e educación ambiental fronte ao cambio climático.

Prestige: crónica negra dun modelo energético insostible

Director e coordinador, Carles Vales.

[Oleiros]: CEIDA; [Barcelona]: Fundació Territori i Paisatge, DL 2007. 87 p.

ISBN-13 978-84-611-8490-3 Edición en catalán ISBN-13 978-84-612-1834-9

Coa publicación deste libro, o CEIDA, xunto á Fundación Territori i Paisatge, pretende facer reflexionar sobre o noso modelo de consumo de enerxía, ademáis de estimular nos lectores novos comportamentos a prol dun novo modelo enerxético máis sostible ambientalmente.

A auga

Autor, CEIDA.

Vigo: Nova Galicia Edicións, DL 2008. 55 p. (Que me dis de ...).

ISBN 978-84-96950-97-9 Disponibles edicións en castelán e inglés.

Dentro da colección *Que me dis de...* dirixida a público xuvenil, o CEIDA é autor do título *A auga* onde aborda a problemática deste recurso dende unha perspectiva mundial e co obxectivo de chegar aos máis novos a importancia da conservación deste recurso e o seu consumo responsable.



Foro de investigadoras e investigadores en Medio Ambiente da UDC: Resumos

Autores, Francisco Javier Sanz Larruga, et al.

[A Coruña]: UDC; CEIDA, DL 2011. 46 p. ISBN 978-84-694-5608-8

Publicación que recolle os resumos das ponencias presentadas no Foro de investigadoras e investigadores da UDC, celebrado o 21 de xuño de 2011 no Castelo de Santa Cruz.

Materiais audiovisuais

I Congreso Internacional de Educación Ambiental dos Países Lusófonos e Galicia. Comunicaci3ns

[Oleiros: CEIDA], DL 2007. ISBN-13 978-84-690-7996-6

Esta publicación en CD-Rom recompila os traballos presentados polos participantes no Congreso dentro das diferentes áreas de traballo ás que asistiron.

I, II e III Congreso de Educación Ambiental dos Centros Educativos da Coruña: Defendamos o noso patrimonio natural, Espazos para conservar

[Oleiros]: CEIDA, DL 2007-2008-2009.

CD-Rom que recompila as presentacións elaboradas polos diferentes centros educativos participantes nos distintos congresos.

A enerxía

Autor, CEIDA-Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga
Santa Cruz (Oleiros): CEIDA; [Santiago de Compostela]: INEGA, 2009.

CD interactivo cun directorio de recursos electrónicos e bibliográficos sobre os usos da enerxía, impactos, eficiencia e mellora da xestión enerxética. Trátase dunha ferramenta de documentación onde atopar información relevante e diversa, presentada en diferentes categorías, para un acceso máis fluído.

Prestige: Crónica negra dun modelo enerxético insostible

[Oleiros]: CEIDA; [Barcelona]: Fundació Territori i Paisatge, [2007].

CD que contén o libro, do mesmo nome, en formato electrónico a máis doutros documentos de interese.

Ciencia, enerxía e cambio climático: Directorio de recursos electrónicos e bibliográficos

Santa Cruz (Oleiros): CEIDA, DL 2010.

CD-Rom recompilatorio de recursos dispoñibles a través de Internet sobre os temas de enerxía e cambio climático.

Manual de gestión de áreas protegidas

Santa Cruz (Oleiros): CEIDA, DL 2010.

CD que reúne as ponencias impartidas durante o *Curso Internacional de Capacitación de Xestores de Espazos Naturais Protexidos de Cabo Verde, Santo Tomé e Príncipe, Guinea Bissau e Mozambique* celebrado entre os días 2 e 16 de marzo de 2010 no Castelo de Santa Cruz.



Materiais didácticos

Operación monarca: Dossier informativo

[Oleiros, A Coruña]: CEIDA, DL 2004. 21 p.

O dossier, coordinado polo experto no tema Eliseo H. Fernández Vidal, pretende aportar datos sobre o apaisante fenómeno de migración da bolboreta Monarca.

Cambio climático: O reto que temos que afrontar

[Oleiros]: CEIDA, 2007.

Folleto que acompaña á exposición O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción do CEIDA, con información sobre os efectos do cambio climático e algúns consellos para que desde a nosa casa poidamos axudar a frealo.

O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción: O cambio climático: Caderno de actividades didácticas secundaria

Autor, CEIDA.A Coruña: CEIDA, DL 2007. 20 p.

O CEIDA coordina a publicación deste material educativo incluído dentro da exposición *O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción*. O caderno de actividade didácticas está destinado aos alumnos de secundaria co fin de que traballen sobre un dos fenómenos máis salientables das últimas décadas.



Pés na terra: Itinerario forestal pola Serra da Capelada

Autora, María do Carmen López Marcos . [Liáns-Oleiros]: CEIDA, 2008, 16 p.

Caderno divulgativo con información sobre o itinerario forestal que discorre pola Serra da Capelada no concello de Cedeira.

Pés na terra: Itinerario forestal polos Montes de Monfero

Autor, CEIDA. [Liáns, Oleiros]: CEIDA, DL 2008. 12 p.

Caderno divulgativo con información sobre o itinerario forestal de Pencabada, que transcurre polos Cumios de Sanguñedo no concello de Monfero.

Pés na terra: Un programa de educación ambiental para a valorización do monte galego: Material de apoio

Liáns (Oleiros): CEIDA, DL 2009. 19 p. Educación primaria.

Caderno didáctico para a educación primaria elaborado dentro do programa de educación ambiental *Pés na Terra*, que permite o achegamento ao monte por parte do alumnado desde un punto de vista multifuncional.



Pés na terra: Un programa de educación ambiental para a valorización do monte galego: Material de apoio

Liáns (Oleiros): CEIDA, DL 2009. 20 p. Educación secundaria.

Caderno didáctico para a educación primaria elaborado dentro do programa de educación ambiental *Pés na Terra*, que permite o achegamento ao monte por parte do alumnado desde un punto de vista multifuncional.

A auga: caderno de actividades

Coordina, Carlos Vales Vázquez

Textos, Andrés Burgos Delgado e Verónica Campos García

Vigo: Nova Galicia Edicións; Oleiros: CEIDA

Caderno con actividades sobre a auga para traballar con rapaces do último ciclo de primaria e secundaria.



Manual de compostaxe doméstica: Comarca de Betanzos

Liáns (Oleiros): CEIDA, DL 2011. 16 p.

Manual con información básica sobre o que é a compostaxe, como facer un composteiro e que se precisa para elo e tamén como enfrontarse aos problemas do seu mantemento.

Revista Ambientalmente Sustentable

Publicación científica que xurde como medio para o intercambio e a divulgación das investigacións e reflexións que se están a facer no ámbito da educación ambiental desde distintas áreas científicas. Publicáronse dez números dende o ano 2006 ate a actualidade. Os contidos pódense consultar na páxina web do CEIDA.





Outras publicacións

Uso público e interpretación do patrimonio natural e cultural

Revisión, Jorge Morales Miranda

[Pamplona]: Asociación para la Interpretación del Patrimonio, DL 2008. 219 p.

ISBN 978-84-691-1358-5

Publicación que reúne as ponencias das *I Xornadas de Uso Público en Espacios Naturais Protexidos e Difusión do Patrimonio Cultural*, celebradas en 2007.

La interpretación de nuestro patrimonio

Autor, Freeman Tilden

[Pamplona]: Asociación para la Interpretación del Patrimonio, cop. 2006. 176 p. ISBN 978-84-611-0689-9

Esta obra senta as bases e brinda unha aproximación tanxible á interpretación e presentación do patrimonio que hoxe consideramos profesional e os principios que guiaron e inspiraron nas últimas décadas a aqueles que traballan neste campo.



Educación ambiental: Fontes e recursos ambientais

Autor, Pablo A. Meira Cartea

Oleiros (A Coruña): Concello de Oleiros, Centro de Documentación Domingo Quiroga, DL 1998. 128 p. ISBN 84-606-2854-X

Imprescindible documento de referencia para os educadores e as educadoras ambientais que recolle unha gran cantidade de fontes e recursos documentais relacionadas coa temática ambiental.

A educación ambiental nos concellos: A experiencia de Oleiros

Autora, Lucía Iglesias da Cunha

Oleiros (A Coruña): Concello de Oleiros, Centro de Documentación Domingo Quiroga, DL 1999. 127 p. ISBN 84-930959-0-7


As administracións locais teñen a responsabilidade de cumprir un papel de primeira orde na formación ambiental da cidadanía. O Concello de Oleiros, ten unha dedicación á educación ambiental innovadora en Galicia, e o seu exemplo pode ser de grande utilidade para os interesados en promover unha maior involucración neste ámbito.

O mundo da pesca na literatura galega

Autor, Francisco X. Fernández Naval

Oleiros (A Coruña): Concello de Oleiros, Centro de Documentación Domingo Quiroga, DL 1999. 58 p. ISBN 84-606-2887-6

Obra que recolle a conferencia impartida polo autor en diferentes Co-frarías de Pescadores de Galicia e que fala sobre o mar, sobre pesca e literatura. Trátase dunha fonte de información sobre o medio ambiente e tamén sobre educación ambiental, xa que permite coñecer mellor o noso medio mariño.





Estudiar ambientes: A análise de contextos como práctica educativo-ambiental

Autor, José Antonio Caride Gómez

Oleiros (A Coruña): Concello de Oleiros, Centro de Documentación Domingo Quiroga, 2000. 192 p.

(Documentos para o medio ambiente e o desenvolvemento; 4) ISBN 84-930959-1-5

Conxunto de reflexións entorno ás circunstancias nas que se desenvolven os procesos educativos vinculados ao ambiente, mostrando as posibilidades da educación en escenarios concretos e estimar as oportunidades que ofrece.

Guía do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes

Oleiros: Concello de Oleiros, DL 2009. 76 p.

Obra que amosa os valores naturais deste espazo natural, protexido desde o ano 2000 e localizado na costa norte do Concello de Oleiros.

Memorias do CEIDA

Memoria de actividades: CEIDA 2001-2005

Director e coordinador, Carlos Vales Vázquez.

[Oleiros]: CEIDA, DL 2006. 158 p.

Coa publicación desta memoria, o CEIDA pretende ofrecer unha visión de conxunto de todas as actividades desenvolvidas no centro entre os anos 2001 e 2005, as cales persiguen os obxectivos de información, formación e sensibilización ambiental.



Memoria de actividades 2006, 2007, 2008, 2009

Director e coordinador, Carlos Vales Vázquez.

Publicacións que recollen as actividades desenvolvidas polo CEIDA en cada ano concreto.

Folletos divulgativos sobre o CEIDA

CEIDA

[Oleiros, A Coruña]: CEIDA, [ca. 2001].

Folleto divulgativo sobre o CEIDA.

Traballando pola sustentabilidade ambiental

[Oleiros, A Coruña]: CEIDA, [ca. 2001]. 14 p. Editado en galego e castelán.

Folleto informativo sobre as diferentes áreas e actividades que o CEIDA desenvolve.

Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga [Oleiros]: CEIDA, 2007.

Folleto divulgativo sobre os servizos e fondos do Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga do CEIDA.

CEIDA: O centro de referencia para a educación ambiental en Galicia

[Oleiros]: CEIDA, 2006. Editado en galego, castelán e inglés.

Folleto divulgativo sobre o CEIDA.

Un centro de educación ambiental para Galicia

[Oleiros]: CEIDA, 2007.

Folleto divulgativo sobre o CEIDA.



Folletos divulgativos sobre a illa e o Castelo de Santa Cruz

Benvidos á illa de Santa Cruz

[Oleiros, A Coruña]: CEIDA, [ca. 2001]. Editado en galego, castelán e inglés
Folieto divulgativo sobre a historia do Castelo de Santa Cruz, a xeoloxía da illa e a súa biodiversidade.

Unha viaxe a través do tempo: Itinerario ambiental

[Oleiros, A Coruña]: CEIDA, [ca. 2001]. 32 p.
Viaxe no tempo arredor dos aspectos naturais, patrimoniais e históricos que se poden coñecer no contorno do Castelo de Santa Cruz. Con el podémonos achegar un pouco á súa historia, e tamén aos seres vivos e fenómenos naturais que se poden descubrir durante a súa visita.

CEIDA

Ilustracións, Suso Cubeiro.
Textos, Francisco Fernández Naval. [Oleiros, A Coruña]: CEIDA, [DL 2002]. 6 lám.
Colección de 6 láminas sobre o entorno natural e cultural do Castelo de Santa Cruz, ilustradas por Suso Cubeiro.

Folletos feitos en colaboración con outras entidades

Conservar o mar é mellorar a nosa vida: 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente

[A Coruña]: Gadisa; CEIDA, 2004.
Folieto editado en colaboración entre o CEIDA e o grupo GADISA para conmemorar o Día Mundial do Medio Ambiente.

Coidar o mundo é cousa de todos: 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente

[A Coruña]: Gadisa; CEIDA, 2005.
Folieto editado en colaboración entre o CEIDA e o grupo GADISA para conmemorar o Día Mundial do Medio Ambiente.

Traballemos xuntos para que o mundo respire: 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente

[A Coruña]: Gadisa; CEIDA, 2006.
Folieto editado en colaboración entre o CEIDA e o grupo GADISA para conmemorar o Día Mundial do Medio Ambiente.

O cambio climático: O reto que temos que afrontar: 5 de xuño, Día Mundial do Medio Ambiente

[A Coruña]: Gadisa; CEIDA, 2008.
Folieto editado entre o CEIDA e o grupo GADISA para conmemorar o Día Mundial do Medio Ambiente.

Postais de Galicia: Data de caducidade 12.12.2100?

[A Coruña]: Gadisa; CEIDA, 2009.
Folieto editado entre o CEIDA e o grupo GADISA para conmemorar o Día Mundial do Medio Ambiente.

Moitas especies. Un planeta. Un futuro: Día Mundial do Medio Ambiente, 5 de xuño de 2010

[A Coruña]: Gadisa; CEIDA, 2010.
Folieto editado entre o CEIDA e o grupo GADISA para conmemorar o Día Mundial do Medio Ambiente.



PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

memoria de actividades CEIDA 2001-2011







Todos estes anos os educadores ambientais do CEIDA están a desenvolver diversos programas de educación e sensibilización ambiental dirixidos aos distintos sectores da sociedade e con formatos diversos como itinerarios ambientais, exposicións, obradoiros, audiovisuais, campañas divulgativas, visitas á aula do mar. Na súa praxe educativa asumen que a Educación Ambiental ten que ser social, práctica, crítica e integradora e polo tanto orientada a construír sociedades sustentables coa implicación dos participantes na resolución dos problemas ambientais.

En liñas xerais os participantes asimilaron conceptos novos e estableceron relacións afectivas co medio, reforzando a visión respectuosa coa contorna.

A participación foi incrementándose ano tras ano, de xeito que neste período 2001-2011 realizáronse programas e actividades moi diversas, ás que implicaron a un número aproximado de 1.530.000 persoas.

Programas de educación ambiental

Programa de visitas ao CEIDA e ao Castelo de Santa Cruz


Co fin de dar a coñecer os valores históricos e naturais da Illa de Santa Cruz, dende o ano 2001, o CEIDA ven realizando visitas guiadas ao Castelo de Santa Cruz. Este programa lévase a cabo todo o ano e está aberto a calquera tipo de colectivo.




Dado a demanda de centros de ensino no 2010 este programa adaptouse a este colectivo comezando o programa ***A illa de Santa Cruz, un rico patrimonio natural e histórico*** que se oferta anualmente aos centros escolares galegos. Ademais de dar a coñecer os valores ambientais e históricos da Illa realízanse obradoiros vinculados ás exposicións temporais do Castelo de Santa Cruz.



Programa de visitas ao Castelo de Santa Cruz. Por anos



Perfil dos colectivos participantes no Programa de visitas ao Castelo de Santa Cruz



O mar e a costa, recursos valiosos para todos Un programa maduro e estable para conservar a beiramar

No 2004 o CEIDA asumiu o desafío de desenvolver a longo prazo un proxecto de educación ambiental co obxectivo de fomentar entre a sociedade actitudes positivas e comportamentos favorables cara á protección e a conservación da costa galega, a través do coñecemento dos valores naturais e culturais e da análise das súas problemáticas ambientais. Así é como naceu o programa de educación e sensibilización ambiental **O mar e a costa, recursos valiosos para todos**, patrocinado pola Deputación da Coruña e dirixido aos centros de ensino e aos colectivos sociais de toda Galicia. Ao longo deste período recibíuse a 572 grupos cun total de 18.608 participantes.


A continuidade deste programa ao longo do tempo fixo que as actividades que nel se desenvolven fosen evolucionando e os escenarios da súa realización fosen cambiando. Inicialmente as actividades tiñan lugar na Illa de Santa Cruz e en diferentes espazos da súa contorna (Ría do Burgo, Porto de Lorbé...) e na actualidade o programa ten como escenario o Lugar de Importancia Comunitaria e Monumento Natural Costa de Dexo – Serantes xa que representa unha das poucas áreas naturais ben conservadas da Costa Ártabra. Este é un lugar de importancia ecolóxica tanto pola singularidade dos ecosistemas e hábitats como pola xeomorfoloxía e paisaxe. A estes valores naturais e, sobre todo paisaxísticos, súmanse valores históricos e patrimoniais.

O equipo de educación ambiental do CEIDA desenvolve este programa dunha maneira lúdica e participativa adaptando os contidos da actividade á idade do colectivo co fin de que esperten as súas emocións. Polo tanto, o fin último destas actividades é fomentar actitudes e comportamentos positivos cara á conservación, promovendo unha interacción do ser humano coa natureza, e o uso sustentable da costa galega, xa que os participantes do programa ambiental deberán extrapolar o caso da Costa de Dexo-Serantes ao resto do litoral galego.






Participantes no Programa O mar e a costa, recursos valiosos para todos



Perfil dos colectivos participantes no Programa O mar e a costa





Pés na terra **Un programa para mellorar a cultura forestal**

Este programa ten como obxectivo, achegar a comunidade educativa a importancia da correcta xestión do monte e dos bosques, así como o seu aproveitamento multifuncional en termos de sustentabilidade.

O monte merece unha atención prioritaria no conxunto do medio rural galego pola riqueza económica, ambiental e social que xera. Así, e desde o punto de vista social, o patrimonio forestal galego produce emprego e riqueza e exerce unha importante función de socialización. Na dimensión ambiental, o monte contribúe á loita contra o cambio climático, á conservación da biodiversidade, á produción de recursos hídricos...

Este programa realizouse grazas á colaboración da Consellería do Medio Rural e participaron aproximadamente 1200 alumnos de Educación Secundaria, Bacharelato e ciclos formativos de toda Galicia no 2008 e 2009.

Para mellorar o traballo educativo cos participantes e valorar o monte editáronse dous cadernos didácticos para a educación primaria e a secundaria.

O programa desenvolveuse en tres fases:

1. Traballo na aula co material didáctico facilitado polo CEIDA
2. Itinerarios forestais guiados polos montes da Capelada e de Monfero, pertencentes ao Parque Natural Fragas do Eume.
3. Actividades prácticas nas zonas forestais próximas ao centro de ensino.





Congresos de Educación Ambiental dos centros de ensino

Dentro das necesidades da sociedade actual, o respecto e a conservación do patrimonio segue a ser unha materia pendente. As voces das comunidades educativas, identificadas no alumnado como actores transmisores, seguen a ser a mellor referencia dos movementos que se están a desenvolver para a difusión desa nova conciencia ambiental, que nace no xerme dos protagonistas das sociedades futuras.

Dende o ano 2007 o CEIDA organiza estes Congressos, cinco edicións do **“Congreso de Educación Ambiental dos Centros de Ensino da Coruña”** para a conservación do patrimonio e o **“I Congreso de Educación Ambiental dos Centros de Ensino de Ourense”** para traballar o cambio climático. Neles participaron uns 30 centros e máis de 1100 alumnos que realizaron uns 50 proxectos.

Mapa dos centros que
asistiron ao Congreso
de Educación Ambiental
na Coruña



Mapa dos centros que
asistiron ao I Congreso de
Educación Ambiental
en Ourense



O obxectivo fundamental foi brindar aos centros de ensino un espazo de intercambio e punto de encontro. Consolidase deste xeito a idea de incentivar aos centros de ensino para que traballen en experiencias de conservación e divulgación do medio natural e do patrimonio, promovendo na comunidade escolar o contacto entre os diferentes centros, dándolle espazo á voz do alumnado a través da divulgación das súas investigacións.

Os traballos realizados co esforzo de todos os participantes recóllense nunha publicación electrónica editada polo CEIDA. Este é un compromiso adquirido que pretende espallar as actividades do congreso máis aló deste, que inclúe as descrições dos proxectos, os materiais audiovisuais elaborados para as presentacións e fotografías do evento. Os espazos naturais e as temáticas traballadas foron diversas: o espazo natural de Baldaio, o Monte do Gato, os Penedos de Traba, a Ría do Burgo, as Fragas do Eume, o Monumento Natural de Dexo-Serantes, o consumo de auga, o LIC do Mandeo, as Brañas de Sada, as telleiras de Sada, as árbores do Concello de Rois, a Reserva mariña dos Miñarzos, o río Grande de Baio, as covas, o esteiro de Anllóns, entre outros.

O patrocinio corresponde á Deputación da Coruña e Ourense coa colaboración da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, o Concello de Oleiros e o grupo Gadisa.



Outras actividades de educación ambiental

Cambio climático

Durante a Semana da Ciencia 2010, do 8 ao 21 de novembro, tivo lugar no Centro Comercial e de Ocio Espazo Coruña o programa Espazo para o cambio, co fin de achegar a poboación a problemática do cambio climático.

Varias foron as actividades levadas a cabo:

- Visita guiada a exposición sobre cambio climático “O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción”
- Obradoiro das causas, efectos e posibles solucións ao cambio climático
- Itinerario polo edificio para descubrir as medidas de eficiencia e aforro da enerxía
- Cine documental no circuito de televisións do edificio
- Teatro científico



Residuos

O programa "Separa para reciclar" nace co fin de fomentar a participación da poboación do Consorcio das Mariñas na xestión sustentable dos residuos.

Contou con dúas fases:

- Campaña porta a porta dando materiais informativos aos veciños de Abegondo, Arteixo, Carral e Oleiros sobre a xestión de residuos urbanos
- Campaña sobre residuos industriais en todos os polígonos e áreas empresariais dos concellos do Consorcio das Mariñas

Programa de compostaxe doméstica da Comarca de Betanzos. Realizáronse cursos formativos coas 50 familias participantes e posteriormente se instalou un composteiro na súa casa.





Programas temporais vinculados a exposicións no CEIDA

O mundo das árbores (5-23 marzo do 2007)

Programa temporal dedicado ás causas da desaparición dos bosques e ás súas posibles solucións. As actividades desenvolvidas son visita a exposición e traballo co material didáctico asociado, xogos ambientais e visita ao xardín do Castelo.

Amigo Lobo. Lenda e realidade do lobo ibérico (30 abril-28 xuño de 2007)

A exposición elaborada por Carlos Sanz foi o alicerce deste programa. A visita guiada a mostra e a proxección do vídeo Matadores Inocentes de Félix Rodríguez de la Fuente e o posterior taller - debate foron as actividades desenvolvidas neste programa, cuxo fin era desmitificar a imaxe negativa do lobo e concienciar da necesidade da súa conservación.

Un mundo de enerxías (1 agosto-1 setembro 2007)

Esta mostra, producida polo INEGA, tivo como obxectivo divulgar e potenciar o uso racional da enerxía con criterios de eficiencia e aforro. As visitas guiadas a exposición completáronse con talleres ambientais dedicados á cociña solar, ao aforro no uso da iluminación e ao consumo enerxético oculto dos aparatos en stand by ou apagados.

A natureza mariña galega (febreiro-marzo 2008)

Exposición da Sociedade Galega de Historia Natural de Ferrol. As actividades desenvolvidas foron:

- Visita guiada á exposición “A natureza mariña galega”
- Obradoiros ambientais

Cambio climático. O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción (abril-maio 2008)

As actividades desenvolvidas foron a visita guiada a exposición, na realización de obradoiros e a proxección dun audiovisual.

Os humidais conéctanos a todos. Reserva da Biosfera Terras do Miño (3 febreiro-11 abril 2009)

Con motivo da conmemoración do Día Mundial dos Humidais realizouse este programa asociado a exposición Reserva da Biosfera Terras do Miño. A visita guiada a exposición complementouse co visionado da reportaxe sobre o LIC Parga – Ladra – Támoga e cun debate que partía da cuestión “Unha riqueza de Galicia é a auga, temos que conservala?”.

O cambio climático (13-24 abril 2009)

A visita guiada a esta exposición, promovida pola Deputación da Coruña, e o uso dos diferentes módulos que a compoñen, así como a proxección dun vídeo sobre os distintos climas da Terra foron as actividades desenvolvidas neste programa.



Galicia Biodiversidade (20 xaneiro-7 febreiro 2010)

Con esta exposición didáctica, producida pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, pretendeuse que todos os galegos coñecesen a diversidade de ecosistemas, de especies e de variedades xenéticas que se conservan en Galicia para estimular a toma de conciencia sobre a importancia da conservación da biodiversidade máis próxima que atesouramos en Galicia e, ao mesmo tempo, a mundial.

Ríos de Galicia. Tesouros de vida (febreiro-marzo 2010)

As actividades deste programa foron:

- Visita guiada á exposición “Ríos de Galicia, tesouros de vida”.
- Visionado do documental “Augas vivas de Galicia”
- Actividades de coñecemento das distintas especies do ecosistema fluvial.
- Talleres relacionados co estudio de redes tróficas, coas relacións de interdependencia entre as especies e a identificación de especies e do seu medio natural.
- Actividade de reflexión sobre os efectos negativos da contaminación e sobreexplotación nos ríos galegos.

Galicia, camiño celeste (5 abril-31 maio 2010)

Exposición de fotografías aéreas de Galicia do galego Xurxo Lobato. As actividades vinculadas a esta exposición foron:

- Visita guiada á exposición “Galicia. Camiño celeste”.
- Visita á praia de Santa Cruz para identificar especies e os seus hábitats.
- Actividade de reflexión sobre os efectos negativos da contaminación e sobreexplotación do litoral.



Os Miñarzos, Reserva Mariña de Interese Pesqueiro de Lira-Carnota (17 novembro-9 decembro 2010)

A visita a esta exposición permite facer fincapé na riqueza biolóxica da costa galega e da necesidade das reservas pesqueiras e da pesca sostible. A actividade remata descubrindo o papel que cada un de nós, como consumidores, nos toca xogar na conservación do mar e os recursos mariños.

O Courel: Terra de Soutos (17-31 decembro 2010)

O fotógrafo Fran Nieto retrata os bosques, aldeas, soutos, fauna, castros e flora do Courel nun intento de preservar esta riqueza para futuras xeracións mantendo o ambiente típico desta terra.

Antártida e cambio climático (febreiro 2011)

Realizáronse diversas actividades como visitas á exposición fotográfica Antártida, de Carlos Caraglia, e os paneis sobre o cambio climático da exposición do CEIDA “O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción”, así como o visionado do documental “Cambio Climático, o reto do século XXI” e talleres didácticos.

Os humidaís galegos (marzo-abril 2011)

As exposicións sobre dous humidaís galegos, Punta Balea (Cangas) e as Brañas de Sada, son o punto de partida deste programa. Realizáronse diversas actividades como visitas a exposición, visionado de audiovisuais e talleres didácticos co fin de motivar entre os escolares actitudes máis comprometidas e respectuosas cara a conservación dos humidaís.

Colaboracións diversas

Coñecer Oleiros (2003-2011)

O **Concello de Oleiros** leva a cabo un programa cos centros escolares do municipio para dalo a coñecer entre os máis cativos. O CEIDA colabora coas visitas ao Castelo de Santa Cruz e a Aula do Mar.

Enrolados (2007-2011)

A **Fundación M^a José Jové** desenvolve o programa Enrolados no que se levan a cabo actividades de coñecemento do medio e patrimonio biolóxico mariño da ría da Coruña coa navegación a vela. A visita a Illa de Santa Cruz e á Aula do Mar do Faro de Mera son dúas das actividades.

Mobilízate pola selva (2009-2011)

O CEIDA colabora nesta campaña de recollida de móbiles que o **Instituto Jane Goodall** leva a cabo en Galicia.

Gotas para Níxer (2011)

Colaboración con UNICEF na divulgación entre os centros de ensino galegos desta campaña sobre a auga.

Exposicións propias itinerantes

As exposicións itinerantes son ferramentas de divulgación que permiten ao CEIDA traspasar os muros da súa sede e chegar a toda a cidadanía galega, co fin de fomentar entre ela a importancia de loitar contra o cambio climático ou de axudar na conservación do patrimonio natural e cultural. Máis dun millón de persoas visitaron as exposicións itinerantes desde o inicio do programa no 2004.

A primeira exposición que o CEIDA produce con formato itinerante é **Operación Monarca** patrocinada pola Deputación da Coruña. Comeza a súa viaxe a finais do 2004 co obxecto de dar a coñecer unha das migracións máis espectaculares do mundo animal, a da bolboreta Monarca; así como a de acadar datos da presenza deste insecto en Galicia, xa que ano tras ano, durante o outono, algunhas monarcas chegan as nosas costas tras atravesar o Océano Atlántico.





Neste programa reflíctese unha das liñas prioritarias do noso centro, a conservación do medio mariño, incorporándose tres novas exposicións vinculadas a esta temática. Así, case un ano despois do comezo da itinerancia da Monarca, **Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible**, producida pola Fundación Territori i Paisatge comeza a súa andanza, co fin de que esta catástrofe non caia no esquecemento e que os visitantes poidan reflexionar sobre os problemas ambientais que provoca o noso consumo de enerxía, co fin último de que leven a cabo novos comportamentos que vaian cara un modelo enerxético máis sostible ambientalmente.




No 2006 **Áreas Mariñas Protexidas** embarca na goleta Nieves dentro do programa Amares, levado a cabo conxuntamente polas Consellerías de Medio Ambiente e de Pesca. A bordo desta antiga embarcación, e posteriormente por terra, percorreu unha boa parte dos portos galegos dando a coñecer a figura das Áreas Mariñas Protexidas como unha eficaz estratexia de conservación do mar e o litoral.



A exposición **O patrimonio marítimo de Galicia**, producida pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF) trata de revalorizar o inmenso e valioso patrimonio marítimo co que conta Galicia, dende as súas múltiples manifestacións naturais, históricas e culturais co fin de recuperar e protexer o acervo cultural mariñeiro galego.

Número de visitantes das exposicións no periodo 2004-2011



O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción é a última mostra producida polo CEIDA. Baseada no proxecto europeo CLARITY-Acción Educativa por el Clima pretende dar a coñecer o problema ambiental do cambio climático, informando sobre as súas causas e consecuencias a nivel global e tamén en Galicia. Ademais intenta estimular a participación e reflexión propoñendo novos comportamentos comprometidos e accións positivas co clima que loiten contra o cambio climático e fomenten un desenvolvemento máis equilibrado, social e ambientalmente.

Nos primeiros anos do programa os principais destinatarios foron os centros de ensino e posteriormente ampliouse o abano de destinatarios difundíndose entre concellos e outras entidades.


Nos últimos anos, o patrocinio do Grupo GADISA fixo posible a itinerancia nos centros comerciais Haley das exposicións **O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción** e **Áreas Mariñas Protexidas**.



Número de visitantes das exposicións por anos

EXPOSICIÓN	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Operación Monarca	1.929	10.188	12.207	4.081	483.037	5.197	2.512
Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible	4.680	2.596	9.904	4.309	485.004	5.370	1.570
O patrimonio marítimo de Galicia		1.039	4.657	6.895	2.925	2.756	14.081
Áreas Mariñas Protexidas		6.885	14.046	6.172	11.411	2.473	4.971
O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción				65.652	104.423	4.515	4.233
TOTAL	6.609	20.708	40.814	87.109	1.086.800	20.311	27.367

Concellos de Galicia onde estiveron as exposicións do CEIDA



Sala de exposicións

O Castelo de Santa Cruz e o seu entorno atraen a gran cantidade de visitantes, máis de 132.000 persoas nestes 10 anos, que se achegan a coñecer o patrimonio natural e cultural da Illa. Por este motivo o CEIDA organiza un programa de exposicións temporais que permite aos visitantes acceder a unha información ambiental rigorosa que permita avaliar a situación do patrimonio natural galego e mundial.

Todas foron utilizadas como medio de comunicación social, co obxectivo de transmitir a beleza do patrimonio natural e cultural que nos rodea ou de facer reflexionar á sociedade sobre os problemas ambientais actuais.

Algunhas das exposicións que tiveron lugar ao longo destes anos pódense agrupar en 3 grandes categorías:

Enerxía e Cambio climático

Enerxías renovables: A través dos paneis desta exposición estúdanse as fontes de enerxía actuais, comparando así as non-renovables coas renovables, insistindo nas consecuencias ambientais da súa explotación e analizando o consumo enerxético da nosa sociedade.

Un mundo de enerxías: intenta divulgar e potenciar o uso racional da enerxía con criterios de eficiencia e de aforro; permitindo aos visitantes participar nos diversos aspectos do marco temático da enerxía: produción, transporte e consumo.

Cambio climático. O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción: quérese dar a coñecer o problema ambiental do cambio climático e informar sobre as súas causas e consecuencias a nivel global e de Galicia.





Medio mariño

As cores do mar de Galicia: Cun audiovisual e fotografías, descríbese a biodiversidade biolóxica que agochan as nosas costas. Esta gran riqueza, en termos de biodiversidade, proporciona unha enorme cantidade de recursos dos que aínda agora se está a comprender o seu potencial.

Marea negra: As fotos desta exposición amósannos as consecuencias do impacto da marea negra provocada polo afundimento do Prestige no litoral entre Roncudo e Touriñán nos primeiros meses da catástrofe.

Día Mundial do Medio Ambiente: o mar e os seus recursos: Con actividades divulgativas, mostras biolóxicas, carteis, produtos derivados dalgún compoñente mariño e diversa bibliografía, o CEIDA intenta concienciarnos da necesidade de conservar este medio natural e amosar a súa riqueza e os seus recursos.

Cetáceos de Galicia: Unha serie de pinturas representan os cetáceos máis frecuentes das costas de Galicia.

Cuspindo a Barlovento: Fotografías sobre o afundimento do Prestige recollidas nesta exposición que recollen outra visión desta catástrofe, a impactante “marea branca” de voluntarios que dende todos lados viñeron a socorrer as nosas costas.

Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible: Dous anos despois da catástrofe, reflexionamos sobre o modelo enerxético da sociedade actual dependente do petróleo e as súas consecuencias, sendo a marea negra unha das máis evidentes, pero non a única, o que fai reflexionar sobre o mar e o uso do noso litoral. Quérese concienciar ante todo, da importancia de facer un consumo enerxético máis racional e responsable.



Patrimonio marítimo: A mostra foi pensada para que os colectivos participantes na xornada divulgaran as súas iniciativas a través da exposición dos seus materiais.

Áreas mariñas protexidas: son unha das principais ferramentas de xestión das pesqueiras, e posúen unha grande importancia na conservación da biodiversidade. Os recursos e ameazas do medio mariño e litoral, a pesca en Galicia, e as Áreas Mariñas Protexidas, son as temáticas desta exposición que consta de paneis, un audiovisual, maquetas e ordenadores con programas interactivos.

As Illas Atlánticas de Galicia. O límite do mar: Con esta exposición divúlganse os valores naturais e culturais do Parque Nacional, achegar a natureza aos cidadáns e así conciencialos para a súa conservación. A mostra está composta por paneis que presentan o Parque, a súa localización, a súa biodiversidade, historia e cultura, conservación e xestión e as artes tradicionais de pesca e marisqueo.

A natureza mariña galega: Esta mostra dá a coñecer as especies que poboan os mares e as zonas costeiras galegas, xunto cos seus perigos. Unha serie de paneis interpretativos e mostras biolóxicas como cranios ou maxilares de diferentes mamíferos mariños, forman esta exposición.

Galicia camiño celeste: Unha serie de fotografías que amosan a beleza das costas e litoral galego, e as actividades que nela se levan a cabo, fannos recordar o presente que está o mar para o desenrolo das nosas vidas. A continuidade da pesca, marisqueo, explotación de recursos mariños, e ocupación da costa, dependen do noso coidado e conservación dos mesmos, para garantir o seu desfrute ás xeracións futuras.



Patrimonio natural e biodiversidade

Galicia, paraíso de biodiversidade: Os paneis desta exposición ofrecen unha panorámica da riqueza da biodiversidade mariña e terrestre de Galicia.

O valor das zonas húmidas de importancia internacional (RAMSAR): Os paneis desta exposición repasan os principais valores ambientais dos espazos naturais protexidos de España baixo o convenio Ramsar de protección de zonas húmidas.

Fotógrafos da Natureza 2003: Fotografías seleccionadas do concurso anual Wildlife Photographer of the Year 2003, que amosan imaxes de gran beleza e esplendor da biodiversidade do medio natural, ao mesmo tempo que denuncian as ameazas que está a sufrir.

Paisaxes con vida: As fotografías e textos de Antonio Manzanares permitiron aos visitantes adentrarse nos seis ecosistemas máis importantes de Castilla - La Mancha: as fragas e os matorrais, os ríos e os regatos, as montañas e os rochedos, as lagoas e os humedais, as estepas e os pastizais. A exposición tamén reflexa os pobos e as aldeas e a súa relación co entorno.

Fotógrafos da Natureza 2004: Fotografías seleccionadas do concurso anual Wildlife Photographer of the Year 2004.

As mellores fotografías dos 25 anos de Hábitat: Co gaio dos 25 anos da fundación do Grupo Naturalista Hábitat, fíxose unha selección de instantáneas de fotógrafos galegos que forman parte deste colectivo. As fotografías amosan a variedade e fermosura dos seres vivos e dos espazos naturais de Galicia e doutras partes do mundo, co obxectivo de achegar á sociedade galega a realidade do medio natural.

Ecos da creación: Fotografías tomadas nun período de varios anos, nas distintas estacións e, na súa meirande parte, en zonas de interese natural e paisaxístico de Galicia.

Présa: Exposición que conta con fotografías e un DVD realizados por Xacobe Meléndrez; onde se relata a relación do home coa sociedade e a natureza escollendo o coche como fío condutor. O tema céntrase na metáfora da présa dos humanos, como destructora da natureza.



Doñana dende unha nube: Instantáneas sobre Doñana, unha confluencia de ecosistemas singular, protexida como Parque Nacional dende o ano 1969. Destacan fotos aéreas que se completan con fotografías de paisaxes a nivel do chan e algunhas sobre fauna.

Galicia, conservando a natureza: Galicia conta cunha rede de espazos naturais que representa o 12% da superficie do noso territorio e axuda á conservación da nosa biodiversidade. A exposición da a coñecer a todos os galegos, especialmente aos habitantes dos espazos naturais protexidos, os principais valores ambientais e patrimoniais que os fixeron merecedores de dita protección.

A Galicia máis natural: Esta exposición que consta de paneis, equipos informáticos con xogos, e expositores, pon de manifesto a enorme variedade de paisaxes que Galicia ofrece en todo o seu territorio, consecuencia da situación xeográfica da rede fluvial e do relevo da actividade humana.

O lobo ibérico: Esta mostra formada por paneis, imaxes e material variado sobre o lobo, conta diferentes aspectos da súa vida, vítima de prexuízos por mor das falsas lendas que o acusan de perigoso, e sometido a unha implacable persecución dende tempos remotos, xa que en ocasións, ataca aos animais domésticos.

Fotógrafos da Natureza 2006: As mellores fotografías seleccionadas do concurso anual Wildlife Photographer of the Year 2006, que nos ofrecen a posibilidade de gozar coa espectacularidade, a diversidade e a beleza do mundo natural que nos rodea.

Eclipse El roto: A exposición é unha pequena selección da obra do pintor e debuxante Andrés Rábago García “El Roto”. As pinturas e viñetas seleccionadas teñen como tema central o ambiente e a sustentabilidade e convidan aos visitantes á reflexión a través da sátira.

O mundo das árbores: Paneis fotográficos onde se representan os aspectos máis curiosos e descoñecidos das especies arbóreas da Península Ibérica, mostras de cortes de madeira, un sementeiro e material didáctico complementario completan esta mostra.

V concurso de fotografía de montaña: Fotografías relacionadas coa montaña e o seu contorno natural e humano, onde se pretende dar a coñecer e divulgar a necesidade de conservación da natureza, especialmente da beleza natural da montaña.

ENCE, a hipoteca dun pobo: A mostra céntrase na planta produtora de pasta de celulosa instalada na ría de Pontevedra a finais da década dos anos 50. Conta de paneis que relatan diversos aspectos da fábrica de celulosa: o sistema operativo, as malas certificacións, o uso masivo de herbicidas, a perda de biodiversidade...



Amigo Lobo: Paneis e fotografías que falan da bioloxía, ecoloxía, etoloxía, hábitat, distribución social e historia evolutiva do lobo; que se completan con maquetas, esculturas, pinturas, libros e máis materiais e pezas todas elas relacionadas coa vida do lobo. A exposición está dedicada a Félix Rodríguez de la Fuente, e con ela quixose dar a coñecer o lobo como especie ameazada, desmitificando a súa figura como animal perigoso.

Fotógrafos da Natureza 2007: As mellores fotografías seleccionadas do concurso anual Wildlife Photographer of the Year 2007.

Un desexo, un país: Bolivia: Instantáneas que recollen o patrimonio natural e etnográfico do país sudamericano así como figuras, pezas de roupa e instrumentos musicais co obxecto de aproximar a beleza da natureza cultura e folclore boliviano.

Fotógrafos da Natureza 2008: As mellores fotografías seleccionadas do concurso anual Wildlife Photographer of the Year 2008.

Ollando a Lusofonía: Trátase dunha mostra fotográfica colectiva que mostra a xente e as paisaxes dos países lusófonos, e que se fixo a raíz do I Congreso Internacional de Educación Ambiental dos países lusófonos e Galicia.

Arte e natureza: A partir do I Encontro de arte e natureza Man de Camelle, celébrase esta mostra que expuxo as mellores fotografías realizadas baixo a coordinación dun artista alemán de intervención plástica na natureza. Céntrase sobre todo no valor do litoral galego, destacando un pequeno recuncho da Costa da Morte tinxido de negro polo vertido do Prestige.

Terras do Miño: Permite realizar un percorrido polas paisaxes da auga e profundizar na flora e a fauna da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Artes de pesca, artesanía da zona e diversos audiovisuais complementaron a mostra.

Unha ollada natural: Esta exposición resume a traxectoria profesional do galego Calros Silvar como ilustrador da natureza. Unha escolma das súas ilustracións e dos seus cadernos de campo amosan aos visitantes pinceladas da biodiversidade de Galicia.



Wildlife: A magnífica colección de imaxes desta exposición, seleccionadas do concurso anual Wildlife Photographer of The Year, organizado pola BBC e o Museo de Historia de Londres, é o mellor expoñente do esplendor, drama e diversidade da vida no Planeta Terra.


Aguatinta El Roto: O ilustrador Andrés Rábago, máis coñecido como “El Roto”, amosa no seu traballo as contradicións e as miserias do ser humano na sociedade actual de maneira crítica e aguda, a través dun común denominador: A AGUA.

Nosos bosques: A exposición, producida por FONAMAD (Fotógrafos de Naturaleza de Madrid), mostra os distintos tipos de bosques da península, os seus habitantes e a influencia que teñen entre si, así como a importancia de manter o equilibrio destes ecosistemas.

Galicia biodiversidade: Esta exposición, amosa a través de impresionantes fotografías a biodiversidade galega. Destacan paisaxes únicas, especies ameazadas e endemismos, resaltando así a importancia dos perigos aos que a nosa natureza se ve exposta, e facendo o mesmo tempo, un chamamento pola súa conservación.

Ríos de Galicia. Tesouros de vida: Galicia é os país dos 10.000 ríos, e albergan unha cantidade inmensa de vida, tal e como demostran as fotografías desta mostra. Con elas resáltase que a maiores do valor paisaxístico e estético, estes cursos de auga, proporciónannos unha serie de beneficios, que moitas veces descoñecemos e fan que os deterioremos. Aprendendo como son os ríos e quen habita neles, sensibilizarémonos acerca dos impactos antrópicos no medio, e evitaremos actuacións prexudiciais e irreversibles no seu entorno.

Visitantes ás exposicións temporais





Aula do mar dos Faros de Mera: contribuíndo á conservación do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes

A Aula do Mar como Centro de Visitantes do espazo natural Costa de Dexo-Serantes, situado na casa do fareiro dos Faros de Mera, por medio do seu servizo de información, asesora ao público sobre os importantes valores patrimoniais que agocha este territorio protexido e das condutas necesarias e aconsellables para coñecer estes recursos de xeito respectuoso e sustentable.

A vivenda do fareiro, tras anos de abandono foi restaurada grazas a un convenio de colaboración entre o Concello de Oleiros e a Autoridade Portuaria da Coruña.

Con posterioridade o Concello dotou o edificio cunha exposición interpretativa permanente que atrapa ao visitante, resume os valores e centraliza o uso público deste espazo protexido.


Coa apertura das súas portas recibe a públicos nacionais e estranxeiros, aumentando os servizos de tipo turístico, recreativo, cultural e educativo da zona.

Tendo en conta o perfil dos usuarios, o centro adapta a apertura aos seus horarios e así durante os meses de xullo, agosto e setembro abre de martes a domingos e o resto do ano faino os fins de semana e os días festivos.





Visitantes da Aula do mar. 2004-2011




* Datos ate novembro de 2011

O Centro de Visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes é un dos equipamentos máis visitados da rede de Espazos Naturais Protexidos de Galicia. Un 86% son persoas que visitan a Aula do Mar pola súa conta, normalmente acompañados pola súa familia e no seu tempo libre. Entre o mais valorado nas enquisas de control realizadas polo persoal do CEIDA figuran a paisaxe así como a atención personalizada dos educadores ambientais que traballan no equipamento.

O total de persoas que participaron nas actividades de educación ambiental realizadas no Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes ou visitaron o seu Centro de Visitantes dende o ano 2004 ata novembro de 2011 foi de 78.253 persoas.

Para complementar toda a información e poñela a disposición da cidadanía editouse en 2009 a “Guía do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes” e puxose en funcionamento a web do Monumento Natural asociada a web do CEIDA.





FORMACIÓN E CAPACITACIÓN EN MEDIO AMBIENTE

memoria de actividades CEIDA 2001-2011






Coñecementos para multiplicar o traballo pola sustentabilidade

Un dos principais obxectivos marcados nos estatutos que concibiron o CEIDA é a formación dirixida a diferentes sectores da sociedade, xa que a aprendizaxe especializada axuda á creación e consolidación dunha conciencia fundamentada na crise ambiental que sofre o planeta.

Ao longo de todo este período 2001-2011, realizáronse 402 accións formativas multidisciplinares de moi diverso formato como xornadas, cursos, seminarios internacionais... nas que participaron 16.856 persoas de ámbitos profesionais moi diversos: enxeñeiros, técnicos municipais, traballadores do sector turístico, biólogos, cooperantes e educadores... que con estas actividades específicas de formación complementaron o seu currículo. Estes números converten ao CEIDA en referente da formación ambiental en Galicia.




Nº de actividades de formación no CEIDA 2001-2011





Participantes nas actividades de formación no CEIDA 2001-2011



A temática elixida para a planificación de actividades fíxose tendo en conta as grandes problemáticas ambientais coñecidas e tamén as necesidades de formación dos distintos sectores. Deste xeito tratáronse temas relacionados co cambio climático, a conservación da biodiversidade, a educación ambiental e a interpretación do patrimonio, o turismo, a xestión municipal sustentable, ou temas específicos como a auga, residuos, enerxía, o medio mariño, o forestal, a cooperación... Estas actividades organizáronse principalmente na sede do CEIDA, situada no Castelo de Santa Cruz pero tamén en territorios afastados como Arxentina ou Timor Leste.


Ao longo deste período (2001-2011) foron moitas as entidades que colaboraron na organización destas actividades formativas: administracións públicas de todos os niveis, redes internacionais, ONGs, entidades privadas así como outros colectivos e axentes sociais.

Por último salientar que as actividades de formación do CEIDA tiveron unha excepcional acollida, grazas á presenza de relatores de primeiro nivel, moitos deles referentes internacionais, en cada unha das materias tratadas.



A avaliación nos Programas de Formación do CEIDA: unha aposta pola calidade

Desde o CEIDA intégrase a avaliación como unha etapa máis das actividades formativas. Nestes dez anos recompilouse numerosa información sobre as temáticas que interesaban ás persoas participantes, sobre os contidos a tratar e como se valoraban ás persoas expertas que os facilitaban, sobre a organización da oferta e os aspectos loxísticos, sobre os recursos empregados e os materias facilitados etc. A avaliación supuxo un importante proceso de aprendizaxe, non só sobre a información que resulta máis significativa para a mellora constante, senón tamén sobre como recollela para poder facer un seguimento e unha comparativa.




A valoración media por ano dos cursos de formación é dun notable alto. En ningún caso as persoas participantes valoraron as propostas como deficientes. O número de persoas que consideran que algunha actividade formativa está por debaixo dos niveis aceptables de satisfacción é moi baixo, e nalgún ano practicamente desprezable. E cómpre destacar as altas porcentaxes nas que as actividades formativas reciben a mellor valoración.

Os nosos resultados

Ao longo deste período, a valoración dos distintos aspectos dos cursos resulta moi notable. Saliéntase a media xeral lograda nestes anos, nos variados aspectos dos cursos, que se sitúa en 7,5 puntos sobre 10 e tamén a valoración media do profesorado que alcanza os 8 puntos.

**Exemplo de valoracións medias parciais
dos distintos aspectos da formación (2009-2011)**



Ao longo dos anos foi mellorando a información previa sobre os contidos, a planificación da actividade e os aspectos lóxicos. Os participantes a valoran como moi notable.

Tamén hai unha notable valoración sobre os recursos materiais que dispón o CEIDA para o desenvolvemento das actividades formativas; esta valoración descende notablemente cando se realizan noutras instalacións, xa que nalgúns casos non están adaptadas para este tipo de actividades.

As valoracións máis baixas atópanse no referido a materiais proporcionados ou de apoio, xa que non é moi habitual que o profesorado facilite o contido da intervención. Nos últimos anos fíxose un importante esforzo neste sentido que queda reflectido nas valoracións. Valórase especialmente a incorporación da aula virtual, onde poder acceder ao material empregado polos relatores. As aulas e os espazos nos que se celebran as actividades considéranse como moi axeitados, aumentando a valoración nos últimos anos. Isto débese aos esforzos de renovar e investir nos recursos técnicos.

As altas valoracións obtidas respecto ao profesorado son unha constante que actúan como indicador de calidade, sendo a nota media un notable alto.

Por último, subliñar que a oferta de cursos axústase en gran medida as necesidades e dispoñibilidade do alumnado. Nestes anos foise adaptando a duración dos mesmos atendendo as demandas e suxestións facilitadas.

Educación Ambiental: aprendendo, debatendo, participando

Na traxectoria do CEIDA hai un campo de traballo continuo dirixido a satisfacer as demandas de información e formación dos educadores, tanto a aqueles que xa son profesionais como os que queren selo no futuro. É xa un clásico que o centro acolla o foro galego de educadoras e educadores ambientais así como que organice cursos de iniciación á educación ambiental ou a interpretación do patrimonio. Estas dúas disciplinas revélanse como valiosos instrumentos para dar a coñecer os beneficios que o contorno natural achega e establecer vínculos afectivos coa finalidade de despertar emocións entre os cidadáns para que sexan responsables respecto ao medio natural, social e cultural no que desenvolven a súa vida. A Educación ambiental é un instrumento útil para potenciar a toma de conciencia crítica e sensible cara ao medio ambiente, a adquisición de coñecementos para a comprensión do contorno, así como o desenvolvemento de competencias, aptitudes, actitudes e valores orientados á consecución dun desenvolvemento sustentable.

Dende o ano 2001 realizáronse máis de 100 accións formativas diversas como cursos, xornadas e seminarios dos que podemos salientar por tipoloxías os seguintes:

Cursos de educación ambiental e interpretación do patrimonio

Desenvolvéronse neste período varios cursos de introdución e tratamento dos principios da Educación Ambiental, necesarios para sentar as bases da disciplina. Unha boa parte deste apartado foi adicada á Interpretación do Patrimonio da que se realizaron aproximadamente 20 cursos para ensinar as técnicas básicas interpretativas e tamén para afondar nos contidos e relacionar este concepto co desenvolvemento local, os espazos naturais protexidos, os itinerarios



ambientais, o deseño de centros de visitantes, a museografía, o uso público nas áreas naturais protexidas, a expresión dramática, os recursos do territorio... Así mesmo organizáronse varios cursos relacionados coa xestión de centros de educación ambiental e sobre os recursos e equipamentos de educación ambiental.

Salientamos neste apartado os seguintes cursos:

- Curso de Introducción á Educación Ambiental
- Curso básico de educación ambiental e deseño de itinerarios
- Curso-Obradoiro Técnicas para a interpretación e presentación do Patrimonio Natural e Cultural
- Curso de Interpretación para a conservación dos Espazos Naturais Protexidos
- Curso de Xestión de Centros de Educación ambiental



Seminarios e xornadas

Esta modalidade de formación permite aos asistentes afondar sobre determinadas materias mediante o debate e a interactividade no grupo e cos especialistas técnicos. Deste xeito o CEIDA organizou unha ampla variedade destas accións formativas e participou en varios foros destacables a nivel estatal como os seminarios permanentes de educación ambiental do CENEAM, da CEPA ou da UICN.

No ámbito dos Seminarios os temas abordados foron moi diversos: boas prácticas para guías, estratexias de educación ambiental, compostaxe, participación cidadá, sustentabilidade, cambio climático, centros e equipamentos de educación ambiental, etc...

Son de salientar o **“Seminario Internacional de Perfeccionamento en educación ambiental: pensar estratexicamente”** e o **“Seminario de Equipamentos de Educación Ambiental”**.

No referente ás xornadas, o CEIDA colaborou con distintas entidades e asociacións do sector ambiental como a FEEA, a AIP ou a SGEA para fomentar nos seus foros os temas de debate importantes como a profesionalización do sector, a diagnose da Estratexia galega de Educación Ambiental... e tamén participou na organización de xornadas formativas relacionadas con Parques Nacionais, uso público, museografía, conservación e participación, dereito ambiental, turismo sustentable, equipamentos de educación ambiental, etc...

Destacan as distintas edicións do **“Foro de educadores ambientais de Galicia”**, a **“Xornada formativa para guías e informadores turísticos sobre o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia”** ou a xornada **“A interpretación do patrimonio como instrumento de xestión sostible do turismo”**.

Obradoiros relacionados coa natureza e a ecoloxía social

Neste apartado desenvolvéronse diversos espazos formativos coa idea de aprendizaxe activa. As temáticas máis representativas foron a ilustración da natureza con varias edicións, a fotografía, a enerxía, micoloxía, traballo educativo con nenos, espazos protexidos, usos e aproveitamentos das plantas.

Salientamos neste apartado as distintas edicións dos cursos de **“Ilustración da Natureza”** e do **“Curso de fotografía da Natureza”**.

Congresos

Nestas xuntanzas periódicas para debater sobre os temas ambientais o CEIDA estivo presente, participou como organizador, coorganizador ou ponente. Entre eles podemos mencionar:

- I Congreso Internacional de Educación Ambiental dos Países Lusófonos e Galicia
- IV Congreso Iberoamericano de Educación Ambiental
- VI Congreso Iberoamericano de Educación Ambiental
- II Encontro Lusófono de Educación Ambiental
- IV Congreso Mundial de Educación Ambiental

Salientamos neste apartado o I Congreso Internacional Natureza e Imaxe, no ano 2009, que reuniu diversas actividades como cursos de fotografía e ilustración, exposicións, proxeccións audiovisuais, mesas de expertos en conservación da natureza e espectáculos cetreiros.



Conferencias, coloquios e presentación de libros

Neste apartado realizáronse unha gran variedade de actividades como as conferencias das que podemos salientar:



Conferencia de Jane Goodall “O que aprendín dos chimpancés” en colaboración cos Museos Científicos Coruñeses

- Os equipamentos para a Educación Ambiental en Cuba
- A Educación Ambiental e a Conservación dos Morcegos
- A Educación Ambiental no Brasil
- A auga e os ríos no sistema educativo ante a nova cultura da auga
- Conferencia-coloquio Unha ollada sobre a década da educación para o desenvolvemento sustentable
- Natcultura: unha experiencia socioeducativa en San Tomé e Príncipe

Por outra banda o CEIDA acolleu a presentación de numerosos libros que abordan diversas cuestións ambientais.



Presentación do libro:
Los tres cielos: aventuras infantiles
de Félix Rodríguez de la Fuente,
de Miguel A Pinto e Suso Cubeiro



Medio mariño: traballando a prol dun aproveitamento sustentable do litoral e dos océanos

Ao longo da historia as zonas costeiras teñen sido un centro importante de desenvolvemento da sociedade humana. A utilización do mar para o transporte e o comercio e a obtención de alimento abundante en augas costeiras moi produtivas foron factores determinantes para o asentamento de poboación nestas zonas.

Actualmente as zonas costeiras seguen a ter un potencial enorme para a sociedade moderna. A produtividade dos sistemas litorais (lagoas costeiras, enseadas, marismas,...) desempeña un papel importante na produción de alimentos, na protección da natureza e da biodiversidade así como na creación de actividades económicas.

En Galicia o sector do mar é un dos primeiros axentes da economía galega. No ano 2004 a cifra de negocio deste sector superou a barreira dos 1.000 millóns de euros representando un 11 % do PIB galego.

Sen embargo as zonas da beiramar están a sufrir impactos como a descontrolada urbanización, contaminación, degradación dos recursos naturais, abandono das actividades tradicionais respectuosos co medio ambiente... en gran medida debidos a unha incorrecta xestión das mesmas.

O CEIDA é consciente da necesidade de colaborar na posta en valor do litoral de Galicia para contribuír a unha xestión dinámica e sostible do territorio. Os programas desenvolvidos neste ámbito recollen esta necesidade e dan prioridade a difusión dos valores do litoral galego á toda a sociedade. Desde o ano 2001, desenvóléronse actividades formativas, divulgativas e de información vinculadas á conservación do medio mariño e litoral e a promoción do uso sustentable dos recursos mariños cos obxectivos básicos de dar a coñecer a deficiente protección do medio mariño e a urxente necesidade de establecer Áreas Mariñas Protexidas, cooperar coas administracións públicas, centros de investigación e as organizacións de pescadores e outros colectivos para fomentar a creación de pesquerías sostibles e poñer en valor o patrimonio cultural e etnográfico vinculado ás comunidades pesqueiras.

As actividades desenvolvidas dentro desta liña de traballo poden enmarcarse dentro das seguintes temáticas principais:

- Proxecto de Áreas Mariñas Protexidas
- Proxecto SEREA
- Actividades vinculadas á investigación das mareas negras
- Outras actividades relacionadas co medio mariño



Proxecto de Áreas Mariñas Protexidas

O CEIDA e a Fundació Territori i Paisatge da Obra Social Caixa Catalunya colaboraron nun Proxecto de Áreas Mariñas Protexidas, que xurdiu da necesidade de definir e establecer instrumentos que permitan unha xestión integrada e eficiente das zonas costeiras, capaz de compatibilizar os intereses económicos, sociais, turísticos e demográficos, coa conservación e mellora dos seus valores naturais.

As experiencias xa existentes de Áreas Mariñas Protexidas (AMPs), confirman o potencial desas áreas como poderosas ferramentas de xestión tanto para a conservación e renovación de recursos pesqueiros, como para a obtención de beneficios sociais e económicos.

No marco deste proxecto destacan as seguintes actividades:

I Seminario Internacional sobre o uso sostible do mar

Nesta xornada de traballo, desenvolvida o 13 de marzo de 2006, reuníronse representantes da administración, científicos e asociacións ecoloxistas para chegar a un plan de acción, unha proposta metodolóxica e unha proposta de comunicación e divulgación social con obxectivo de definir conceptos e o marco legal e operativo para levar a cabo a declaración de Áreas Mariñas Protexidas (AMPs), desenvolver un manual para definir criterios para a designación de AMPs e realizar unha exposición que utilizará instrumentos de comunicación específicos para os distintos colectivos sociais co fin de darlles a coñecer a necesidade de declarar Áreas Mariñas Protexidas Reservas Mariñas.



II Seminario Internacional Áreas Mariñas Protexidas

Este seminario, ao que acudiron a este seminario os máis reputados poñentes a nivel internacional, desenvolveuse o 17 e 18 de xullo de 2006, cos obxectivos de divulgar os instrumentos e procesos para a declaración e xestión das AMPs, avanzar no establecemento dunha rede de AMPs, incluídas áreas litorais, en Galicia e en todo o ámbito ibérico e promover a cooperación para este fin no marco internacional.

Proxecto SEREA

O proxecto SEREA realizou durante os dous anos (2006 - 2008) da súa duración distintas actividades co fin de crear un modelo de reestruturación do sector da pesca de baixura e o marisqueo.

O Centro Tecnológico del Mar-Fundación CETMAR promoveu este proxecto que implicou á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ás tres universidades galegas, á Federación Galega de Confrarías, aos pósitos de Cedeira, Lira e San Antonio de Cambados e ao CEIDA, ademais doutros socios transnacionais con situacións similares no sector obxecto do proxecto procedentes de Bretaña, Sardeña e Letonia.

O proxecto SEREA foi seleccionado polo Fondo Social Europeo no 2009 como un dos 18 proxectos exemplares a incluír no documento denominado “Caso de Estudio”, no que se recollen as mellores prácticas dos 90 proxectos financiados por esta vía nos anos 2004, 2005 e 2006.

O CEIDA foi seleccionado como socio pola súa experiencia en materia de divulgación e sensibilización dos problemas do medio mariño. Esta experiencia fixo que as actividades coordinadas polo CEIDA no 2007, xunto coa Universidade de Vigo, CO.PE.GA e CETMAR, os Seminarios de Sensibilización, constituísen unha das innovacións clave do Proxecto.



As temáticas destes catro seminarios reflectían os obxectivos do proxecto:

- A Cultura do Cambio
- Responsabilidade Social Empresarial
- A Pesca Sostible: Reservas mariñas de interese pesqueiro e comercialización
- Pescaturismo, ictiturismo e turismo mariñeiro



Os tres primeiros seminarios planeáronse cunha estrutura común que primara a participación activa dos asistentes. Os destinatarios destes seminarios foron persoas vinculadas ao sector pesqueiro profesionalmente: pescadores, mariscadores, membros de confrarías, da administración pesqueira, tamén participaron nos seminarios persoas que traballaban en proxectos similares ao SEREA aínda que non necesariamente vinculados ao sector pesqueiro. Participaron arredor de 150 persoas. A avaliación global en opinión dos participantes foi boa.

Realizáronse:

- Buscando Solucións: Evolución do sector pesqueiro, en Vigo,
- Responsabilidade Social Empresarial, no Castelo de Santa Cruz, Oleiros
- Reservas Mariñas Protexidas, Pesca Sostible e Comercialización, en Cedeira
- Pescaturismo, itturismo e turismo mariñeiro, en Porto Torres, Sardeña, Italia.

Ademais da organización dos Seminarios de Sensibilización, o CEIDA colaborou activamente no resto das actividades desenvolvidas no marco do Proxecto SEREA, entre as que cabe destacar:

- Visitas técnicas ás tres rexións participantes no proxecto.
- Participación na Rede Transnacional de Revisión Inter pares de Boas Prácticas aplicadas ao sector pesqueiro.
- Participación no Comité de Asesoramento da Pesca de Baixura: Comisións de Pesca Sostible e Diversificación.
- Presentación da Campaña de Mellora da Imaxe do Sector.

Actividades vinculadas á investigación das mareas negras

A raíz do afundimento do petroleiro Prestige o 19 de novembro de 2002, o CEIDA organizou e colaborou en diferentes actividades nas que se analizaban diferentes aspectos da marea negra e se daba resposta ás necesidades de colectivos profesionais e voluntarios que traballaron na recuperación do medio tras o vertido.

Algúns exemplos destas actividades formativas e divulgativas :

- Programa de fomento da cooperación científica sobre o Prestige.
10 de xuño de 2003.
Nesta xornada de traballo participaron investigadores das Universidades de Barcelona, Castellón, A Coruña e Santiago de Compostela, que deseñaron un programa para a avaliación dos efectos do Prestige sobre a poboación.
- Seminario básico de manexo de aves petroleadas.
- Proxecto internacional sobre os impactos das mareas negras nas aves mariñas.
8 e 9 de setembro de 2006.



Outras actividades relacionadas co medio mariño

A conservación do medio mariño e litoral e a promoción do uso sustentable dos recursos e a posta en valor do patrimonio marítimo galego é unha liña prioritaria de actuación do CEIDA. Ao longo do período 2001 - 2011 desenvolvéronse diversas actividades, formativas, de divulgación e de asesoramento e documentación co obxectivo de promover a protección do medio mariño e divulgar a necesidade de protexer estas zonas.

I Xornada sobre iniciativas de recuperación do patrimonio marítimo galego 25 de marzo de 2006

Xornada divulgativa, pioneira en Galicia, na que se reuniron diferentes colectivos que traballan na revalorización do noso litoral co obxectivo de crear sinerxias de colaboración e coñecemento que potencien a conservación do noso patrimonio marítimo natural, cultural e histórico.

A presenza institucional, de confrarías, asociacións culturais e ecoloxistas, empresas foi moi importante e representativo do que se estaba a realizar neste ámbito.





Xornadas de Reflexión e Debate: a xestión do litoral 16-17 de abril de 2007

Os obxectivos destas xornadas foron reflexionar sobre a presión urbanística e a xestión do litoral galego. Asistiron importantes poñentes e as autoridades competentes, de Galicia e doutras comunidades referentes na conservación da costa. Trátonse os seguintes contidos a salientar: o litoral como fonte de oportunidades e conflitos e a súa situación actual, o litoral asturiano e a súa ordenación, o patrimonio marítimo de Galicia, o papel das administracións e a ordenación do litoral Ibérico.

Seminario “A conservación en acción. O desafío de Conservar os océanos”

10 e 11 de decembro de 2009

Os obxectivos deste seminario eran divulgar diferentes proxectos de conservación que se levan a cabo para frear a perda de biodiversidade e o deterioro ambiental dos océanos así como facilitar o intercambio de información entre xestores e científicos en torno aos problemas de conservación da biodiversidade e do medio mariño.



Acudiron á cita políticos e técnicos de referencia que expuxeron as súas visións e proxectos para a conservación do mar. Trátonse nas poñencias temas como, desafíos da conservación para o século XXI, áreas mariñas protexidas, turismo como aliado da conservación, hábitats mariños galegos, os seus valores de conservación e ameazas, presións ao litoral, organismos mariños como fonte de medicamentos, o Aquarium Finisterrae como instrumento de conservación ou a gobernanza dos océanos.



Xornadas sobre pesca responsable e medio ambiente litoral: “Impactos ambientais do litoral”

13 e 14 de novembro de 2002

Nestas xornadas analizouse a cuestión socioambiental do litoral en Galicia en relación coa súa dependencia da pesca, as infraestruturas, a calidade ambiental e a contaminación e a sostibilidade do sector.

I Xornadas de Bioloxía Mariña: A visión do Mergullador 27 e 28 de setembro de 2003

O obxectivo principal destas xornadas era fomentar o respecto do medio mariño entre os mergulladores.



Turismo: respectando o medio natural, cultural e social

En Galicia o turismo supón arredor do 10% do seu Produto Interior Bruto - PIB – , cifras semellantes as mundiais e españolas, o que da idea da importancia deste sector para a creación de riqueza e empregos. Galicia alberga unha gran cantidade de recursos atractivos para o turismo, aínda que se se exerce de forma masiva, tamén pode deteriorar o medio.

O Parlamento Galego aprobou no 2008 a Lei de Turismo de Galicia, que afonda na importancia do fomento dun turismo sustentable que garanta a viabilidade económica ao mesmo tempo que preserve a diversidade natural, dando pulo ás tradicións populares e á desestacionalización da demanda, a través de modalidades de turismo como o de congresos, o termal, o náutico, o rural e o cultural.

Na busca do equilibrio entre economía e conservación, o CEIDA promove as boas prácticas ambientais no sector e divulga os valores do patrimonio natural e cultural como recursos turísticos. Deste xeito, traballa con esta vocación sempre da man e grazas, principalmente, á colaboración de dous entes que operan a distinta escala territorial: o autonómico e o comarcal.

Así, o CEIDA segue a traballar pola detección das necesidades formativas do sector co fin de conseguir a súa total cobertura e consolidarse de cara ao sector nos vindeiros anos. Ademais, pretende a implantación dun plan de ambientalización curricular tanto no Centro Superior de Hostelería de Galicia como na restante formación regrada en turismo existente en Galicia.



Entre as actividades formativas realizadas neste período pódense salientar:

- Novos avances na interpretación e guiado ecoturístico
- Curso de especialización en Ecoturismo
- Curso Museografía e interpretación do patrimonio
- Curso Patrimonio, turismo e desenvolvemento local
- Seminario O turismo sostible como alternativa de desenvolvemento local
- Curso Conceptos básicos acerca do turismo respectuoso co medio: o caso da hostalaría
- Xornada Presente e futuro do turismo na área metropolitana da Coruña
- Seminario formativo Xestión ambiental na hostalaría: aforro e calidade
- Xornada Boas prácticas ambientais na hostalaría: enerxía, residuos e bioconstrución.



Cambio climático: un reto para cambiar o noso estilo de vida

O cambio climático é o principal problema global e socioambiental que enfronta ás civilizacións contemporáneas, e que atinxe ao tempo dimensións sociais, ambientais e económicas; ademais, atopámonos cun dos principais retos como sociedade, pola súa magnitude, velocidade e efectos.

Estamos ante un problema ambiental no que, se ben os cambios a nivel político son esenciais, a acción individual é tan importante como decisiva: ao poder cuantificar os cambios de hábitos en redución de CO₂, tanto como sociedade, como no plano individual, as con-

ductas particulares “suman” de xeito que se poden aportar solucións sustentables baseadas en fontes de enerxía máis racionais e introducir opcións de consumo responsable e de cambio dos modelos de vida.

No referente aos principais parceiros desta área de traballo, son tanto múltiples as colaboracións como diversa a orixe do financiamento, destacando o papel das entidades de carácter público como as diversas Consellerías de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, fundacións como a FAIMEVI (Fundación Intermunicipal da Enerxía de Vigo) e a FAEPAC (Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña), Deputación da Coruña e o INEGA (Instituto Enerxético de



Galicia) co que o CEIDA iniciou un Estudo de optimización enerxética do Castelo de Santa Cruz. A nivel estatal pódese destacar a OECC (Oficina Española de Cambio Climático) e a estreita colaboración nesta materia co CENEAM (Centro Nacional de Educación Ambiental). Asemade a FECYT (Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía) financiou no ano 2009 varias das actuacións do CEIDA nesta materia. Destacar tamén a estreita colaboración coa Fundación Territori i Paisatge e co grupo empresarial galego GADISA.

Entre as actividades formativas desenvolvidas destacamos:

Xornadas “A eficiencia enerxética nas administracións locais”. Ano 2008

As xornadas desenvolvéronse en dúas sedes, norte e sur de Galicia (Guitiriz-Lugo e Allariz-Ourense) para acurtar os desprazamentos e favorecer a participación dun maior número de persoas. Esta actividade formativa estaba incluída dentro dun programa máis amplo denominado Programa de Formación para Técnicos Municipais e outros profesionais da Xunta de Galicia.



Cursos de conducción eficiente

Para aprender a reducir o consumo de combustible.

Xornadas “A resposta galega fronte ao cambio climático: os concellos ante o cambio climático. A necesidade da acción local”. Ano 2010

Nos cursos de conducción eficiente participaron unhas 103 entidades diferentes das cales 96 foron concellos



Xornada “A enerxía que ven do mar”

Ano 2008

O CEIDA polo seu carácter de institución de extensión universitaria, acolleu na súa sede a organización de xornadas con outras entidades, como a desenvolvida en colaboración co Instituto Universitario de Estudos Marítimos que contou coa asistencia de máis de 90 persoas interesadas nos campos da enerxía e o cambio climático en relación ao medio mariño.



I Xornadas Ciencia, Xestión e Comunicación ante o desafío do Cambio Climático en Galicia. Ano 2006

Destinado a un público especializado que ten na comunicación a súa ferramenta de traballo cun potencial elevado de creación de opinión.

Xornadas “Da percepción social á comunicación do cambio climático”.

Ano 2009

Dirixido aos profesionais dos medios de comunicación, pola gran capacidade de multiplicación das mensaxes.

Realizadas en colaboración co Colexio Oficial de Xornalistas, a Asociación de Prensa da Coruña.



Conferencia sobre o Cambio Climático nas Xornadas Tecnolóxico-Culturais

Organizadas polo IES Cruceiro Baleares, (Culleredo, A Coruña) centrada no ano 2008 nas causas, impactos e solucións ao cambio climático.

Seminario Permanente de Respostas dende a Comunicación e a Educación ao Cambio Climático, Segovia. Anos 2004-2011

Coorganizador

Organizado pola OECC e o CENEAM de carácter anual e itinerante, é o punto de encontro das principais institucións e entidades que desenvolven tarefas nesta área e considérase como o principal grupo de referencia no ámbito español. O CEIDA forma parte do Seminario desde o seu inicio no ano 2004.

Municipal: coidando o medio ambiente máis achegado

As administracións locais teñen unha especial responsabilidade de cara aos cidadáns na adopción dunha cultura de sustentabilidade, que impregne todas as súas políticas e accións. O alto nivel de competencias destas institucións e a relevancia e transcendencia delas para un modelo de desenvolvemento local compatible coa conservación do medio ambiente, converten as administracións locais en destinatarios prioritarios das actuacións dunha educación ambiental transformadora e que ten que actuar especialmente naqueles destinatarios con maior capacidade de incidencia e multiplicación das boas prácticas.

Por outra banda a nivel internacional o incremento das esixencias para a incorporación de criterios ambientais nas diversas políticas, e incluso a posibilidade de acceder a fondos comunitarios, crea a necesidade de formación continua dos profesionais das administracións locais en áreas de coñecemento moi diversas pero alicerces fundamentais para un desenvolvemento local respectuoso. Asemade os concellos, por ser as administracións máis próximas ao cidadán, teñen unha enorme capacidade exemplificadora das boas prácticas ambientais.

O CEIDA, sabedor da importancia e sobre todo da transcendencia da educación ambiental neste eido, establece unha liña específica de traballo destinada aos responsables políticos e técnicos dos concellos e administracións locais galegas a partir do ano 2007 coa aposta de financiamento das administracións.

As áreas temáticas que se abordan dentro desta liña son moi amplas do mesmo xeito que o son tamén as competencias municipais neste eido. É por iso que resultou necesario para satisfacer a ampla demanda formativa, o traballo transversal e interrelacionado coas demais áreas do CEIDA, o que contribuíu a unha oferta formativa, de divulgación e asesoramento máis ampla que a estritamente patrocinada.



O CEIDA desenvolve a educación ambiental para un desenvolvemento local sustentable en tres liñas de traballo con diferentes proxeccións territoriais e especificidades diferentes.

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

En colaboración coa entón Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, e nun marco autonómico, organízase o **Programa de formación de técnicos municipais e profesionais** desta mesma dirección xeral e que comeza a finais de Novembro do 2007 cunha convocatoria aberta a todos os concellos galegos denominada “A búsqueda da sostibilidade dende os concellos” que permitiu coñecer dun xeito participativo as necesidades formativas do persoal municipal. A ampla participación, máis de 90 concellos, e representatividade nesta convocatoria definiu os contidos e formatos das actuacións formativas que de aí en diante se desenvolveron.

Tamén no ámbito autonómico o CEIDA mostrou especial atención no seguimento e asesoramento aos concellos integrados dentro do Programa Piloto Núcleos de Sostibilidade Integrada da Xunta de Galicia.



ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

A nivel provincial o CEIDA subscribe coa Deputación da Coruña un convenio de colaboración para o desenvolvemento do **Programa de formación, asesoría, divulgación e participación ambiental para os concellos da provincia da Coruña “Por unha cultura ambiental”**, que implica o aumento e a diversificación da actividades de educación ambiental ofertadas aos concellos galegos e a consolidación do servizo de asesoramento ás entidades locais desenvolvido tanto polos técnicos do CEIDA responsables desta área. Máis da metade dos concellos desta provincia teñen participado nas actividades formativas.

ADMINISTRACIÓN COMARCAL E LOCAL

Xa no ámbito xeográfico máis local o CEIDA ten o deber de actuar de dinamizador da educación ambiental no territorio no que se enmarca definido polo propio concello de Oleiros, e a comarca das Mariñas-Betanzos.

Desenvolvéronse unha serie de actuacións formativas, e a colaboración nos procesos de participación cidadá en colaboración co entón Grupo de Acción Local “Terra das Mariñas”.

Xornadas Experiencias exitosas de axendas 21 comarcais. Ano 2008

Serviu de punto de encontro e debate con outras realidades territoriais españolas inmersas no mesmo proceso, para coñecer e compartir dúbidas e reflexións fortalecendo con este encontro o proceso e os axentes máis implicados nel.



Despois destes anos, esta área de traballo contou coa participación estable de máis dun terzo dos concellos galegos, e unha excelente avaliación dos mesmos nas actividades desenvolvidas.

De todas as actividades realizadas no ámbito municipal podemos salientar por temáticas as seguintes:

Sustentabilidade local, participación cidadá e axenda 21

- Curso de deseño e desenvolvemento de procesos de creatividade e participación social cara as Axendas 21 Locais (2002)
- Seminario sobre intervención comunitaria e desenvolvemento rural. (2004)
- Xornadas formativas: A búsqueda da sustentabilidade dende os concellos Norte. (2007)
- Xornadas formativas: A búsqueda da sustentabilidade dende os concellos Sur. (2007)



Xestión ambiental municipal

- Master en xestión ambiental, auditorías e xestión do medio ambiente municipal. Realizáronse 4 edicións dende o 2005 ao 2009.
- Xornadas. Ferramentas técnicas para a compra pública responsable das administracións públicas. (2009)



Residuos

A xestión dos residuos constitúe unha preocupación constante tanto ambiental, social como económica para os concellos galegos nos últimos anos. Dentro desta área municipal destaca o número de actividades formativas desenvoltas ao respecto, e que se orientaron dende a lóxica de promocionar modelos de xestión dos mesmos sustentables, eficientes, e acaídos á realidade demográfica galega, destacando todas elas por un alto grado de participación e interese nos destinatarios.

- 2ª Xornada “Residuos orgánicos, a estratexia na Comarca Das Mariñas”. (2001)
- Seminario “As tendencias da xestión dos residuos urbanos na Unión Europea”. (2003)
- A xestión de residuos na Galiza e na Unión Europea. (2004)
- Seminario sobre compostaxe. (2007)
- Xornada; Modelos de xestión de residuos urbanos axeitados á dispersión da poboación. Edicións Norte e Sur. (2008)



- Programa de compostaxe doméstica da Comarca de Betanzos
Dentro deste programa de formación e asesoramento familiar, realizáronse cursos formativos ás 50 familias participantes e posteriormente se instalou un composteiro en cada unha das casas. Ademais dos cursos e das visitas de seguimento, púxose en marcha a páxina web www.compostaxe.org onde se poden descargar o manual de compostaxe e outros materiais, así como estar informado do desenvolvemento do programa.

Conservación: protexendo o medio e a biodiversidade

Nas últimas décadas, e debido á actividade humana, incrementouse de modo alarmante o deterioro de hábitats e paisaxes, a perda de biodiversidade e a sobreexplotación de recursos. Isto indica que o actual modelo de sociedade consumista é claramente insustentable.

Impulsar medidas a través de plans de conservación efectivos axudan ao CEIDA a acadar un dos seus obxectivos: poñer en valor a importancia do medio natural e da súa preservación.



A influencia que as actividades humanas teñen sobre o medio acaban por modificalo. Moitas especies están sometidas a presións ambientais que as levan á extinción. A destrución da biodiversidade priva á humanidade de beneficios directos (alimentos, medicamentos ou materias primas) e indirectos (recursos educativos, recreativos e culturais, espirituais e simbólicos, de coñecemento científico). É preciso traballar para frear a velocidade da perda da biodiversidade, e a educación ambiental é un instrumento imprescindible para dar a coñecer os valores e servizos da biodiversidade así como para que o cidadán desenvolva vínculos afectivos. Nas actividades foméntase a reflexión coas administracións e outros organismos competentes para optimizar a xestión dos espazos naturais e a percepción social destes lugares convertendo o CEIDA nun punto de encontro para os distintos colectivos que traballan neste eido.

De todas as actividades de formación realizadas destacamos as seguintes:

Humidais sans, xente sa. Defender as Brañas de Sada. Ano 2008

Reuníronse diferentes colectivos para compartir inquiredanzas e sentar as bases de traballo para o obxectivo final de protexelas. A iniciativa, que contou co apoio do CEIDA, foi promovida pola Sociedade Galega de Historia Natural –SGHN– delegación As Mariñas, o Concello de Sada e o Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural –IBADER– da Universidade de Santiago.



Xornadas “Os humidais conéctannos a todos”. Ano 2009

Realizadas anualmente sobre a temática dos humidais, permiten poñer en valor unha riqueza descoñecida por moitos.



Xornadas da Paisaxe Cultural do Noroeste: A paisaxe Compartida, Accións de Xestión e Conservación da Paisaxe. Ano 2008 a 2011

En relación coa paisaxe, o CEIDA involucrouse nestas actividades coa organización conxunta co Concello de Betanzos das nas que se estudou a cultura como responsable de dar forma e sentido á paisaxe.



Foro de debate “Olladas críticas sobre a paisaxe” organizado polo Consello da Cultura Galega en Santiago de Compostela.





Encontros sobre o lobo galego. Anos 2008, 2009 e 2010

Organizados conxuntamente coa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza -ADEGA- e coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e da Consellería de Medio Rural.

No evento deuse a coñecer o novo Plan Xeral do Lobo en Galicia e fíxose unha posta en común na procura de atopar solucións para paliar os problemas derivados da conservación.

Seminario retos e desafíos da cooperación internacional na conservación da biodiversidade. Ano 2008

En colaboración coa Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo -AECID.

No evento expúxose a necesidade de incluír a conservación nas actividades de cooperación internacional e déronse a coñecer experiencias levadas a cabo actualmente.

Outras actividades desenvolvidas neste ámbito foron as seguintes:

- Rede Natura 2000. Oportunidades e conflitos (2007)
- Seminario Instrumentos sociais e conservación de especies
- Xornada formativa para os concellos: Os espazos naturais galegos e a Rede Natura 2000
- Conservación da biodiversidade, turismo e desenvolvemento local (2009)
- Xornada Coidemos os humidais. Unha resposta ao cambio climático (2010)
- Seminario Internacional Perspectivas desde Galicia da Diversidade Biolóxica
- II Seminario A Conservación en Acción: Desafíos da Conservación
- Conferencia “A importancia de coidar os humidais” (en conmemoración do Día Mundial da Auga)
- Obradoiro “Os espazos naturais do noso contorno”
- Día Internacional dos Humidais: Xornada “Os humidais: conservación e potencial educativo” 2011
- Encontro Internacional Conservando a Riqueza da Vida na Terra
- Xornadas “Estratexias de Conservación e Posta en Valor de Espacios Naturais no Territorio Mariñas-Betanzos”

Auga: promovendo a xestión sustentable

A auga, pola súa relevancia como concepto e elemento indisoluble da vida e da natureza, está presente de forma directa ou indirecta en moitas das accións que dende o CEIDA se levan a cabo.

De todos os problemas ambientais que hoxe nos atinxen, os que xiran ao redor da auga son unha das grandes preocupacións da sociedade porque nos afectan dunha maneira directa.

Pero para conquistar unha implicación real e positiva de toda a sociedade en canto a promoción do uso sostible da auga e a conservación dos ecosistemas fluviais non é suficiente co desenvolvemento de iniciativas técnicas ou legais, senón que é necesario contar con ferramentas de carácter social que axuden a promover un novo escenario.

Neste contexto a educación ambiental, entendida como a construción de procesos orientados á adquisición de valores, coñecementos e actitudes que propicien capacidades e compromisos cara un desenvolvemento sustentable, convértese nun instrumento necesario e eficaz para estimular unha nova cultura da auga.

Sobre estes alicerces aséntanse as actividades incluídas nesta área de traballo do CEIDA, e que ten como características principais a de ser plural nas metodoloxías e actuacións, a interdisciplinaridade da visión e temáticas integradas, e destinada a un amplo abano de actores sociais.



De todas as actividades formativas realizadas son de destacar as seguintes:

- Conferencia “A nova política europea de auga e as súas implicacións cara a protección e a xestión dos ecosistemas acuáticos en Galicia” (2004)
- Conferencia “A auga e os ríos no sistema educativo ante a nova cultura da auga” (2007)
- Xornada: auga e desenvolvemento sostible dende o enfoque local (2008)
- A auga e nós. Un equilibrio vital (2009)
- II Xornadas da Auga. Auga, medio ambiente e participación.





PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN NA ÁREA DO MEDIO AMBIENTE


memoria de actividades CEIDA 2001-2011





O concepto de Investigación, Desenvolvemento e Innovación no ámbito ambiental defínese como un investimento en coñecemento, en ciencia aplicada e innovación tecnolóxica para crear novos proxectos, ideas, programas e redes que podan conseguir un desenvolvemento sustentable e unha calidade de vida para os cidadáns a longo prazo.

Os proxectos que se presentan a continuación pretenden desenvolver ideas innovadoras a favor do medio ambiente:



Ourense Verde

O espazo web www.ourenseverde.es – Espazos naturais da provincia de Ourense, pretende divulgar e sensibilizar ambientalmente á cidadanía en xeral, responsables políticos e técnicos dos concellos, centros educativos e persoal técnico das áreas do medio ambiente, cultura, turismo, educación, medio rural...

Os seus obxectivos básicos son:

- Ser un espazo de referencia de divulgación ambiental sobre os espazos protexidos da provincia.
- Consolidarse como un referente de información para un turismo sostible baseado na natureza.
- Expor a información de xeito enormemente áxil e visual a través dos sistemas de información xeográfica (SIX).
- Ofrecer un recurso de alto interese ambiental e divulgativo para todos os concellos da provincia, que a súa vez lles aporte unha ferramenta actual e atractiva para a súa promoción.
- Completar os servizos que a Deputación de Ourense ofrece a través do propio portal web da institución.

Os contidos estrutúranse en 3 apartados principais. O primeiro, Ourense verde, onde se presenta o proxecto polo Presidente da Deputación de Ourense, o segundo onde se presentan os Espazos Naturais Protexidos da provincia e o terceiro onde se ofrece documentación xeral e bibliografía desa temática coa posibilidade de consulta on-line.



Estes apartados promocionan os principais valores naturais e culturais dos espazos naturais ourensáns amosando unha galería de fotografías dos diferentes espazos cedidos polos concellos participantes. Expóñense tamén as principais rutas de interese natural e cultural, para realizar a pé ou bicicleta, equipamentos de educación ambiental (aulas de natureza, centros etnográficos, turismo verde...) con mapas dispoñibles a través de sistemas de información xeográfica. Así mesmo ofrécese un apartado de axenda verde coas novas de información ambiental máis salientables.

En total descríbense **28 espazos naturais protexidos** con diversas figuras xurídicas nos que participan 69 concellos da provincia de Ourense.

Proxecto de Parque Forestal de Liáns

Trátase dun proxecto de Parque Forestal aproveitamento dunhas circunstancias favorables especiais: a existencia dunha finca de propiedade pública, xestionada pola administración forestal, situada a escasa distancia do CEIDA. Está dotada de infraestruturas e equipamentos susceptibles de uso social e educativo.

O proxecto resalta o potencial do sitio para converterse nun parque periurbano nun contexto favorable en canto á dimensión dos posibles beneficiarios e aos recursos de dinamización dispoñibles. Explórase o potencial ambiental do enclave, capaz de permitir a réplica de realidades forestais moi diversas e posuidor, ao tempo, de valores de alta calidade conservativa. En definitiva, preséntase un proxecto que ten como base crear un parque forestal periurbano con vocación de uso social, que compaxina con ese uso o carácter de equipamento ambiental de referencia para promover unha nova cultura do bosque na sociedade galega, e que pretende complementar eses dous usos coa contribución á conservación da diversidade biolóxica, ser un referente de investigación ambiental e forestal, e abrir a Galicia ao mundo a través da cooperación internacional.



Proxecto SEREA

O cerne deste programa foi a innovación para dar alternativas e prácticas sustentables ao sector da pesca de baixura e o marisqueo.



O CEIDA foi seleccionado como socio para este proxecto, pola súa experiencia en materia de divulgación e sensibilización dos problemas do medio mariño. Esta experiencia fixo que as actividades coordinadas polo CEIDA, xunto coa Universidade de Vigo, CO.PE.GA e CETMAR e os Seminarios de Sensibilización, constituísen unha das innovacións clave do Proxecto. A participación do sector de Galicia e dos socios internacionais foron moi importantes para a boa consecución dos obxectivos.

Equipamentos ambientais de Galicia

Este libro realizado por Araceli Serantes Pazos é o eslabón entre o ámbito da investigación e o mundo educativo e de intervención social. Constitue un completo traballo con carácter anovador, xa que é o primeiro rexistro sistemático dos Centros de Educación ambiental e de divulgación do patrimonio en Galicia que pretenden propiciar actitudes favorables á conservación do legado natural e cultural.



A publicación estruturase en dúas partes. A primeira ten un contido teórico sobre a Educación Ambiental, presentando as súas características e tipoloxías. A segunda presenta fichas coa información de cada infraestrutura e iniciativa, onde fai unha descrición da súa oferta educativa ou divulgativa ao tempo de facilitar os contactos e valorar algúns aspectos dos seus recursos e programas.

Por tanto constitúe un recurso fundamental para coñecer os centros e instalacións existentes en Galicia, así como para favorecer o uso dos mesmos, e disfrutar aprendendo a través das diversas propostas didácticas e lúdicas que nos están a propor.

Este proceso de investigación rematou coa presentación no ano 2011 no CEIDA, da Tese de doutoramento de Araceli Serantes Pazos titulada *Os equipamentos para a Educación Ambiental en Galicia: análise da realidade e propostas de mellora da calidade*.

Formación de alumnos en prácticas

No CEIDA fixeron a súa formación en prácticas máis de 60 alumnos de diversas entidades, entre eles estudantes de ciclos formativos de centros educativos galegos así como de varias universidades españolas.



Tamén se formularon convenios coa Università della Calabria (Italia) coa finalidade de que os seus estudantes poidan completar a formación desenvolvendo prácticas no CEIDA. Acordos semellantes realizáronse coa entidade INTEGRA, para a recepción de alumnos europeos ao amparo do programa Leonardo da Vinci e coa Universitat Catalana d'Estiu de Ciències de la Natura para a colaboración na divulgación e celebración de cursos internacionais de conservación.



O CEIDA NO MUNDO: CREANDO REDES DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL

memoria de actividades CEIDA 2001-2011







É incuestionable que o modelo de consumo das sociedades occidentais desencadeou unha crise ambiental profunda que ten como máximos expoñentes problemas globais como o cambio climático, a desertización, a perda de biodiversidade, o espolio de recursos naturais... xunto cunha infinidade de casos locais e espallados por todo o mundo. Aínda que a principal razón de ser do CEIDA é a de contribuír á sustentabilidade e á conservación da natureza en Galicia, dende a institución asúmese a responsabilidade de participar na resolución ou minoración da problemática global que, pese a manifestarse en territorios afastados, é consecuencia do estilo de vida occidental.

Mediante a cooperación internacional achéganse aos gobernos e á sociedade civil doutros territorios a experiencia e os recursos precisos para desenvolver procesos positivos no eido socioambiental.

Entre as actuacións de cooperación levadas a cabo polo CEIDA está a de establecer relacións de colaboración con axentes ambientais, gobernamentais e sociedade civil doutros países para compartir ideas e metodoloxías, trazar estratexias e traballar en rede. Nesta cooperación en dúas direccións, Galicia benefíciase coa visita de expertos que expoñen experiencias e iniciativas concretas, que achegan novas bases de debate, coñecemento e acción, que á súa vez redundan nunha maior creatividade e efectividade do traballo ambiental.

Países co que o CEIDA desenvolveu proxectos de cooperación internacional





Parte das actividades de cooperación do CEIDA diríxense aos gobernos nacionais e outras estruturas gobernamentais dos estados. Con estes participouse no deseño de estratexias nacionais relacionadas co ambiente e, en casos, o CEIDA serviu de vector para a posta en contacto con institucións galegas. Así, en maio, o Director do CEIDA foi un dos convidados internacionais á **III Conferência nacional do meio ambiente**, celebrada en Brasília. Este é o evento sectorial máis importante organizado polo goberno brasileiro e no que se fixan as políticas e directrices que guiarán a actividade dos vindeiros anos.

Neste período o CEIDA organizou ou participou en arredor de 35 cursos e eventos ambientais, aos que asistiron preto de 1.400 persoas.

Historia e actuacións de cooperación internacional máis importantes



A raíz da participación no V Congreso ibero-americano de educación ambiental (Brasil, 2006), o CEIDA adquire o compromiso de organizar o I Congreso internacional de educación ambiental dos países lusófonos e Galicia. Este evento, desenvolvido en setembro de 2007 en Santiago de Compostela, marcou o punto de partida dunha actividade internacional onde o CEIDA despega e multiplica os contactos internacionais, contribuíndo a darlle relevancia a Galicia no eido ambiental internacional, en especial dentro dos espazos lusófono, iberoamericano e europeo. En recoñecemento a este traballo internacional a organización Naturalists Without Borders (Naturalistas sen Fronteiras) distinguiu ao director do CEIDA co seu galardón anual que lle foi entregado na asemblea celebrada en Lleida no 2008.



Entre as accións desenvolvidas nestes anos salientamos as seguintes por tipoloxía:

Seminarios, encontros, congresos ou foros:

Seminarios *Retos e desafíos da cooperación na conservación da biodiversidade* e *O turismo como factor de cooperación*, Castelo de Santa Cruz no 2008.

Mostras do solapamento da cooperación con outras liñas de traballo de importancia para o CEIDA como son as de conservación, turismo e medio mariño.



Seminario europeo para unha axenda harmonizada para a cooperación con Timor Leste. Ano 2008

O CEIDA apoiou á Universidade da Coruña e á Asociación Luso-Galega de Antropoloxía Aplicada - ALGA - na organización de Seminario no que axencias de cooperación de dez países se reuniron con representantes gobernamentais de Timor Leste e ONGs para establecer as bases dunha política europea coordinada de desenvolvemento do país asiático.





Destacamos tamén outros eventos que o CEIDA promoveu ou colaborou na súa organización: Foro Internacional de xóvenes e humedais (2002), Encontro galego-portugués de cooperación en Mozambique (2007), Seminario de Educación ambiental no marco da Década das Nacións Unidas da Educación para o Desenvolvemento Sustentábel, celebrada en Cabo Verde (2007), Seminario: Retos e desafíos da cooperación na conservación da biodiversidade (2008), Seminario internacional: Usos sociais de parques periurbanos, xardíns botánicos e outras áreas forestais (2008), Seminario internacional: Educación, ambiente, turismo e desenvolvemento comunitario, celebrado en San Tomé e Príncipe (2008), Seminario internacional: O turismo como factor de cooperación (2008), Seminario Internacional A cooperación na xestión de Áreas Protaxidas (2009), Seminario internacional: Perspectivas desde Galicia no Ano Internacional da Diversidade Biolóxica (2010), Encontro sobre Educación, Comunicación, Concienciación e Participación pública como ferramentas para conservación da natureza no ámbito dos países lusófonos, celebrado durante o IV Congreso Mundial de Conservación da UICN que tivo lugar en Barcelona no ano 2008.



Cursos formativos

Ao longo deste período, o CEIDA organizou diferentes actividades formativas dentro e fóra de Galicia. Destaca o traballo realizado cos axentes sociais caboverdianos durante o **Curso de gestión de residuos sólidos urbanos, celebrado en Cabo Verde** no ano 2008 e que foi impartido polos expertos ambientais, colaboradores do CEIDA, organizado na cidade de Praia xunto coa Plataforma de ONGs de Cabo Verde e o Instituto Superior de Educación dese país.



Seminario formativo para xestores de espazos naturais protexidos de Cabo Verde, San Tomé e Príncipe, Guinea Bissau e Mozambique

Esta actividade forma parte do programa de cooperación para a formación dos responsables da xestión de conservación das áreas protexidas de Cabo Verde, San Tomé e Príncipe, Guinea Bissau e Mozambique.

O seu obxectivo principal foi contribuír á conservación do Patrimonio Natural e a Biodiversidade mediante a optimización da xestión dos ENP, xunto co Desenvolvemento Sustentable das comunidades humanas ligados a eles, impulsando o Desenvolvemento Sustentable nos países de Cabo Verde, Santo Tomei e Príncipe, Guinea Bissau e Mozambique.

Realizouse primeiramente o Seminario Internacional onde se desenvolveron distintas ponencias relacionadas coa conservación e a súa xestión, as boas prácticas e a análise de casos, o desenvolvemento sustentable nas comunidades locais. Por último creouse a Rede de Xestores e Responsabeis de ENP no mundo Lusófono e editouse un manual de xestión da conservación adaptada á realidade dos países lusófonos africanos.






Colaboracións, participacións e Redes



Colaboración coa Secretaría de Estado de Cooperación Internacional, do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, na redacción da *Estrategia de Desarrollo Sostenible de la Cooperación Española*.

Asimesmo, o CEIDA entrou a formar parte da **Rede Iberoamericana de áreas protexidas, turismo e inclusión social**, que pretende favorecer o debate teórico e divulgación de boas prácticas sobre a instrumentalización da conservación como factor de desenvolvemento económico e social tomando como base Espazos Naturais Protexidos.

Tamén forma parte da rede máis extensa do mundo de conservación da natureza, a **UICN**, sendo especialmente activo no comité español e na comisión de educación e comunicación.

O CEIDA ten tamén un acordo de colaboración co **espazo natural protexido Hato Piñeiro** de Venezuela en materia de investigación, educación e comunicación ambiental.





CONVENIOS E ENTIDADES COLABORADORAS CO CEIDA

memoria de actividades CEIDA 2001-2011





Convenios de colaboración

Ano 2003

Tecmed S.A.

Convenio de Colaboración para a sensibilización da poboación, especialmente na súa participación na selección e separación en orixe dos residuos urbanos

Ano 2004

Fundación Arao – Concello de Oleiros – CEIDA

Para a realización do programa de sensibilización ambiental *“O mar e a costa, recursos valiosos para todos”*.

Fundación Territori i Paisatge

Convenio para a elaboración dunha exposición divulgativa sobre as consecuencias das mareas negras. Parte dos fondos proviñan de aportacións solidarias de cidadáns cataláns, a raíz do accidente do *Prestige*.

Ano 2005

Deputación Provincial da Coruña

Convenio de Colaboración para o desenvolvemento dun programa de educación ambiental. O programa, aberto e flexible, invitaba a todo tipo de colectivos a coñecer zonas de interese ambiental fomentando actitudes participativas na protección e conservación do equilibrio do medio natural.

Fundación Territori i Paisatge

Ampliación convenio de colaboración coa Fundación Territori i Paisatge para a realización do proxecto *“Áreas Mariñas Protexidas”*, destinado a revisar e recompilar información publicada sobre áreas mariñas protexidas, a súa creación e a súa lexislación.

Ano 2006

Deputación Provincial da Coruña

Convenio para o desenvolvemento do programa de educación e sensibilización ambiental: *“O mar e a costa, recursos valiosos para todos”*.

Sociedade Galega do Medio Ambiente S. A. (SOGAMA)

As dúas entidades comprométese a realizar un traballo conxunto de educación ambiental dos distintos sectores sociais, prestando especial atención ao medio escolar e a formación de especialistas e profesionais.

Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF)

Para a cesión ao CEIDA da exposición *“O Patrimonio Marítimo de Galicia”* dentro do programa *“O mar e a Costa, recursos valiosos para todos”* dirixido a centros educativos e colectivos de Galicia.

Centro Tecnológico del Mar – Fundación CETMAR

Para o desenvolvemento do proxecto SEREA, co fin de crear un modelo de reestructuración do sector da pesca de baixura e o marisqueo.

Este proxecto implicou á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ás tres universidades galegas, á Federación Galega de Confrarías, aos pósitos de Cedeira, Lira e San Antonio de Cambados e ao CEIDA, ademais doutros socios transnacionais con situacións similares no sector obxecto do proxecto procedentes de Bretaña, Sardeña e Letonia.



Grupo de Acción Local “Terra das Mariñas”

Para a execución do programa de *“Dinamización da Axenda 21 Comarcal”* no Territorio abarcado polo Consorcio da Mariñas.

Instituto Enerxético De Galicia (INEGA)

Para o financiamento dos elementos da exposición *“Cambio Climático”*.



Ano 2007

Fundación Territori i Paisatge

Para a realización do proxecto *“Rede de reservas forestais representativas de Galicia”*.

Deputación Provincial da Coruña

Para o desenvolvemento do programa de formación, asesoría, divulgación e participación ambiental para os concellos da provincia Coruña *“Por unha cultura ambiental”*.

Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF)

Prórroga do convenio para cesión ao CEIDA da exposición *“O Patrimonio Marítimo de Galicia”*.

Empresa de Tecnología y Servicios Agrarios S.A. (TRAGSATEC)

Contrato de prestación de servicios co obxectivo de facer unha diagnose do grado de aceptación social do proxecto de recuperación ambiental das Veigas de A Limia.

Fundación Maria José Jove

Para a colaboración nas actividades *“Aula do Mar”* e *“Semana Azul”* que a Fundación María José Jove realizou nas instalacións do CEIDA.

Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)

Novación do Convenio de colaboración para o financiamento dos elementos da exposición *“Cambio Climático”* realizada polo CEIDA.

Concello de Vedra (A Coruña)

Para a organización por parte do CEIDA do curso *“Educación para a Sustentabilidade e Interpretación do Patrimonio. Rede Natura 2000”*.

Televisión de Galicia S.A.

Para a publicidade do *“I Congreso Internacional de Educación Ambiental dos Países Lusófonos e Galicia”*.

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos – Xunta de Galicia

Para realizar accións específicas na área da información ambiental a través da elaboración do boletín informativo *Amares*, que se divulga a tódalas confrarías e entidades asociativas do sector.

Grupo de Acción Local “Terra das Mariñas”

Adenda ao Convenio de colaboración co Grupo de Acción Local “Terra das Mariñas” para a execución do programa de *“Dinamización da Axenda 21 Comarcal”*.

Secretaría Xeral de Relacións Exteriores – Xunta de Galicia

Para a realización de actividades encamiñadas á celebración do *“I Congreso Internacional de Educación Ambiental dos Países Lusófonos e Galicia”*.

Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI)

Para a realización de proxectos conxuntos determinados mediante un plan anual de actuacións.

Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC)

Para a realización de proxectos conxuntos determinados de forma anual.

Ano 2008

Concello de Betanzos (A Coruña)

Para a organización das *“II Xornadas da Paisaxe Cultural do Noroeste”*.

Deputación Provincial da Coruña

Para o desenvolvemento do programa de educación e sensibilización ambiental: *“O mar e a costa, recursos valiosos para todos”*.

Integra Consultoría Coruña, S.L.

Programa de formación no marco do Programa *“Leonardo da Vinci”*.

Concello de Seròs – Universitat Catalana d’Estiu de Ciències de la Natura – Oficina Catalana de Turisme Científic i de Natura

Convenio marco de colaboración para a organización de cursos internacionais.

Universit  della Calabria

Convenio de colaboración co obxectivo de que o alumnado da Facultade de Economía realice prácticas de formación no CEIDA.

Universidade de Santiago de Compostela

Convenio Marco de Colaboración dentro dos  mbitos da formación, a investigación e o asesoramento mutuo.



Federación Galega pola Cultura Mar tima e Fluvial (FGCMF)

Pr rroga do convenio de colaboración para a cesi n ao CEIDA da exposici n *“O Patrimonio Mar timo de Galicia”*.

Fundaci n Axencia Intermunicipal da Enerx a de Vigo (FAIMEVI)

Para a realizaci n dos *“Cursos de conducci n eficiente de veh culos turismo 2008”* a realizar nas provincias de Pontevedra e Ourense.

Fundaci n Axencia Enerx tica Provincial da Coru a (FAEPAC)

Para a realizaci n dos *“Cursos de conducci n eficiente de veh culos turismo 2008”* a realizar na provincia de A Coru a.



Ano 2009

Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas - Betanzos

Asistencia técnica para a identificación de estratexias de conservación e posta en valor en espazos naturais nos territorios de varios grupos de desenvolvemento rural.



Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña (COETICOR)

Convenio de colaboración entre COETICOR e o CEIDA na promoción de traballos, estudos e actividades formativas e divulgativas destinados a mellorar o contorno ambiental galego.

Deputación Provincial da Coruña

Para o desenvolvemento do Programa de formación, asesoría, divulgación e participación ambiental para os concellos da provincia Coruña *"Por unha cultura ambiental"*.



Estación Biolóxica de Hato Piñero (Venezuela)

Colaboración na conservación dos ecosistemas terrestres e acuáticos existentes dentro da área de Hato Piñero, como exemplo representativo da biodiversidade venezolana e mundial, mediante o desenvolvemento conxunto de programas educativos e de uso público.

Universidade da Coruña

Para a realización de prácticas formativas no CEIDA de alumnos do Máster Oficial en dirección e planificación do turismo.

Instituto Jane Goodall España

O CEIDA colaborará na execución e desenvolvemento dos proxectos e campañas do Instituto Jane Goodall en España.

Instituto Jane Goodall España e Caixa de Aforros de Galicia

Para a execución e desenvolvemento da campaña *"Mobilízate pola selva"*.

Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés – Parque Nacional Peneda – Gêres – Parque Nacional de Iguaçu (Brasil) – Parque Nacional de Iguazú (Argentina)

Declaración de intención de Irmanamento das Áreas Naturais Protexidas asinantes coa colaboración do CEIDA e a UICN.

Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI)

Para a realización dos “*Cursos de conducción eficiente de vehículos turismo 2009*” a realizar nas provincias de Pontevedra e Ourense.

Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC)

Para a realización dos “*Cursos de conducción eficiente de vehículos turismo 2009*” a realizar na provincia de A Coruña.

Asociación da Prensa da Coruña

Para organizar conxuntamente actividades destinadas a divulgar a información ambiental e a formar nesta área aos xornalistas.



Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC)

Para a organización de “*Cursos de conducción eficiente de vehículos turismo 2010*” a realizar na provincia de A Coruña.

Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía De Vigo (FAIMEVI)

Para a organización de “*Cursos de conducción eficiente de vehículos turismo 2010*” a realizar nas provincias de Pontevedra e Ourense.

Fundación Conama

Para a Organización do “CONAMA 10, Cumbre del desarrollo sostenible”.

Federación Galega Pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF)

Prórroga do convenio de colaboración para a cesión ao CEIDA da exposición “O Patrimonio Marítimo de Galicia”.

Rede Ambiental Maiombe (Angola)

Protocolo de intencións co obxectivo da creación do Centro de Referencia en Educación Ambiental en Angola mediante o asesoramento do CEIDA.





Multi Veste España 1 S.L.

Para a realización de accións específicas do proxecto *“Espazo para o cambio”* incluído dentro da Semana da Ciencia 2010.

Escuela de Negocios Caixanova

Para la realización dun programa de iniciación profesional para os titulados dos Programas de Postgrado.

Centro Integrado de Formación Profesional Anxel Casal (A Coruña)

Para o desenvolvemento dun programa de formación en centros de traballo dirixido ao alumnado de formación profesional.

Instituto de Educación Secundaria da Terra Chá (Ribeira de Lea (San Xoán) - Lugo)

Para o desenvolvemento dun programa formativo dirixido ao alumnado de formación profesional.

Universidade da Coruña

Para o desenvolvemento dun programa de cooperación educativa e formación de alumnos en prácticas.

Ano 2011

Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF)

Prórroga do convenio de colaboración para a cesión ao CEIDA da exposición *“O Patrimonio Marítimo de Galicia”*.

Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC)

Para a oferta de *“Cursos de conducción eficiente de vehículos turismo 2011”* a realizar na provincia de A Coruña.

Deputación Provincial de Ourense

Para a organización do *“I Congreso de Educación Ambiental dos Centros de Ensino de Ourense”*.

Universidade de Vigo

Convenio de cooperación educativa para a realización das prácticas do *“Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible”*.



Haburas Foundation (Timor Leste)

Protocolo de intencións para a creación dun centro de capacitación en medio ambiente para a xestión sostible dos recursos naturais en Timor-Leste e, en particular, no Parque Nacional Nino Konis Santana.

Integra Consultoría Coruña, S. L.

Programa de formación no marco do Programa *“Leonardo da Vinci”*.

Ambientarte, S. L.

Para a colaboración no Proxecto *“INTEPA”* desenvolvido dentro do Subprograma Europeo Leonardo da Vinci.

Deputación Provincial da Coruña

Para o desenvolvemento do *“Programa de Educación Ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural e cultural”*.

Unicef - Comité Galicia

Convenio co obxectivo de difundir o labor desta organización e desenvolver accións de sensibilización relacionadas coa temática da auga e a supervivencia infantil.



Universidade da Coruña

1. Convenio coa Facultade de Ciencias para o desenvolvemento de prácticas no CEIDA dos alumnos da mesma.
2. Convenio coa Facultade de Dereito da Universidade da Coruña, para a realización de prácticas externas do alumnado.

Centros Comerciales Carrefour, S.A.

Para a execución do proxecto *“Coidando o noso mar”*.

Universidade de Santiago de Compostela

Para a realización de prácticas dos alumnos do *“Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza”*.

Centro de Experimentación e Formación Agroforestal de Lourizán

Para o desenvolvemento dun programa formativo dirixido ao alumnado de formación profesional.



Entidades colaboradoras

Moitas das actividades desenvolvidas polo CEIDA ao longo deste periodo 2001-2011, foron posibles debido ao apoio de numerosas entidades tanto de carácter local como internacional, incluídas as administracións públicas, empresas ou organizacións da sociedade civil. A continuación sinalamos algunhas das máis significativas:

Colaboración internacional

Governo Federal do Brasil. Ministerio do Meio Ambiente
República de Cabo Verde
Centro de Estudos Africanos. Lisboa
CPLP. Comunidade dos Países de Língua Portuguesa
Nerea Investiga
IAPS (Internacional Association for People-Environment Studies)
Instituto Jane Goodall
IUCN - The World Conservation Union
Convención RAMSAR
WWF - World Wildlife Fund
Naturalists Without Borders

Administracións Públicas

AECID. Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo
Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino
Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas
Consellería de Cultura e Turismo. Secretaría Xeral
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Consellería de Innovación e Industria: Dirección Xeral de Turismo
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras
Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos
Consellería de Vivenda e Solo
Consellería do Medio Rural
Secretaría Xeral de Relacións Exteriores (Consellería de Presidencia)
Deputación da Coruña
Deputación de Ourense
Consorcio As Mariñas
Concello da Coruña
Concello de Bergondo
Concello de Betanzos
Concello de Culleredo
Concello de Ordes
Concello de Sada
Concello de Santiago
Concello de Vedra
Concello de Abegondo
Organismo Autónomo Municipal de Cultura do Concello de Oleiros
Centro Municipal de Formación "Isaac Díaz Pardo"
Plan de Dinamización Turística Costa da Morte



Entidades con participación pública de Galicia

Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos
Asociación Grupo de Acción Local Terra das Mariñas
Augas de Galicia
Cehosga. Confederación de Empresarios de Hostalería de Galicia
Centro de Investigación e Información Ambiental de Lourizán. CINAM
CETMAR
Consortio de Santiago
Cooperación galega
CRTVG- Compañía de radio televisión de galicia
FEGAMP. Federación Galega de Municipios e Provincias
Inega
Inludes
Museos Científicos Coruñeses.
Sogama
Terra das Mariñas
Turgalicia
Turismo de La Coruña
Xacobeo

Universidades

Universidad Alfonso X el Sabio
Universidad de León
Universidad Internacional Menéndez Pelayo (UIMP)
Universidade da Coruña
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade de Vigo
Università Della Calabria
Universitat Catalana d'Estiu de Ciències de la Natura
Universitat de Barcelona
Asociación Luso - Galega de Antropoloxía Aplicada
CETUR. Centro de Estudos e Investigacións Turísticas
Grupo de Estudios de Antropoloxía Aplicada
Ibader - USC. Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural
INEF Galicia. Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física. UDC
Instituto Universitario de Estudios Marítimos. UDC
Observatorio del Litoral. UDC
SEPA. Grupo de Investigación en Pedagogía Social e Educación Ambiental. USC



Fundacións e empresas

Fundación La Caixa
Fundació Territori i Paisatge
Fundación Arao
Fundación de Cultura y Deporte de Castilla-La Mancha
Fundación Juana de Vega
FAEPAC. Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña
FAIMEVI. Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo
Royal Netherlands Institute for Sea Research
Sea Alarm Foundation
Voz Natura
ABN pipe
Grupo GADISA
Grupo Sargadelos
Edicións do Castro
El Corte Inglés
EMALCSA
SERGESCO
TECMED S.L.
FOTO ARTÚS
FUJIFILM
Grupo Toysal

Centros de Educación Ambiental e entidades ambientalistas

CENEAM - Centro Nacional de Educación Ambiental
CRANA - Centro de Recursos Ambientales de Navarra
Camp d'aprenentatge de l'Ebre
Planes de Son
Torre Güil CAM
Amigos da Terra - Amigos de la Tierra - Friends of The Earth
ADEGA - Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia
ASCEL - Asociación para la Conservación y Estudio del Lobo Ibérico
Asociación para la Interpretación del Patrimonio
Ecoloxistas en acción - Colectivo Erva
EUROPARC-ESPAÑA
Grupo Naturalista Hábitat
Amarante
SGEA - Sociedade Galega de Educación Ambiental
SGHN - Sociedade Galega de Historia Natural
WWF-Adena
ASPEA - Associação Portuguesa de Educação Ambiental
FERN



Outras entidades colaboradoras

AGADER - Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
AGAPEMA - Asociación Galega de Profesores de Ensino Matemático
Asociación “Amigos de Oleiros”
Asociación de Investigadores Ramón de la Sagra
Asociación de la Prensa da Coruña.
Asociación galega do xogo popular e tradicional
Ayuda en acción
Casa-Museo de Emilia Pardo Bazán
Club de Buceo. Grelle
Club de Montañeiros celtas
Club de Prensa de Ferrol
Club internacional de prensa
Club Peña Trevinca
Clube de Mergullo “O Grelle”
Coeticor. O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña
Colexio Oficial de Químicos de Galicia
Confraría de pescadores de Cambados
Confraría de pescadores de Cedeira
Confraria de pescadores de Lira
Conseils et gestion Audierne Port
Consello da Cultura Galega
COPEGA
Escola de Arte “Pablo Picasso”
Federación galega de confrarías de pescadores
FGCMP - Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial
Fundación Paz y Solidaridad (Comisións Obreiras)
Lega pesca
Letvian fisherman federation
Literarios Hispanoamericanos
Obra Social Caixa Galicia
Obra Social CAIXANOVA
Real Academia Galega
Seminario de Estudios Galegos
Sociedad Española de la Ciencia del Suelo



